

PROXECTO
EDUCATIVO
CRA OROSO

ÍNDICE

1. Adecuación dos obxectivos de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado.....	3
2. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a contribución á consecución das competencias.....	6
3. Proxecto lingüístico.....	10
4. Incorporación, a través das distintas áreas, da educación en valores.....	24
5. Criterios sobre avaliación e promoción do alumnado.....	25
6. Liñas xerais de atención á diversidade.....	27
7. Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	28
8. Proxecto lector.....	29
9. Plan de integración das TIC.....	41
10. Plan de convivencia. Normas de organización, funcionamento e convivencia.....	49
11. Atención educativa ao alumnado que non opte por relixión.....	60
12. Plan de orientación e acción tutorial.....	72
13. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.....	88
14. Plan de autoprotección.....	89

1. Adecuación dos obxectivos de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado.

Segundo o decreto 330/2009 os obxectivos de referencia para a etapa de infantil son:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para a etapa de primaria, recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes obxectivos son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de posturas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Nas etapas da escolarización que abarca o noso centro, dende 4º curso de educación infantil a 2º curso de educación primaria, se adaptan estes obxectivos ás idades do alumnado e ás características do centro. Como obxectivos máis inmediatos establecemos:

- Fomentar a lectura.
- Contextualizar as aprendizaxes.
- Desenvolver o coñecemento de si mesmo, fomentando a autoestima e as capacidades de autonomía, responsabilidade persoal e respecto mutuo.
- Fomentar hábitos de convivencia democrática e de compenetración social e co entorno.
- Desenvolver a capacidade creativa.
- Colaborar coas familias na adquisición de hábitos de hixiene e alimentación saudables.
- Aproximación do alumnado as novas tecnoloxías.
- Dar a coñecer o alumnado as tradicións populais e a cultura galega.
- Fomentar hábitos lectores coa apertura da Biblioteca escolar do centro.
- Introducir o inglés a través das rutinas e actividades lúdicas.

2. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a contribución á consecución das competencias.

Se terán en conta as seguintes consideracións metodolóxicas, atendendo ao Decreto 330/2009 (currículo ed. Infantil) e ao Decreto 105/2014 (currículo ed. Primaria), entre outros documentos:

- Adecuada organización do ambiente de aprendizaxe, tendo en conta os espazos, materiais e distribución do tempo.
- Usar diferentes tipos de agrupamentos: gran grupo, pequenos grupos e actividades individuais.
- Apertura ao contorno, que inclúa saídas e contacto con alumnado e profesorado doutras aulas.
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, do que xa sabe, dos seus coñecementos previos.
- Individualización, tendo en conta que todos somos diferentes, aprendemos con distintos ritmos e necesitamos diferentes axudas.
- Especial atención á diversidade e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva, fomentando a implicación e cooperación dos nenos/ás, o que os levará a desenvolver a súa capacidade de aprender a aprender.
- Globalización, presentando os contidos de forma relacionada, posto que o pensamento dos nenos/ás na etapa ten carácter global.
- Desenvolvemento en espiral: Os mesmos contidos e obxectivos se repetirán ao longo da escolarización, cada vez con maior nivel de complexidade.
- Orde progresiva e lóxica nos contidos: Do coñecido ao descoñecido, do concreto ao abstracto, da realidade próxima no tempo e no espazo a outra máis distante...
- Motivación. Consideraranse contidos interesantes, próximos e útiles, para conseguir que o alumnado se sinta motivado. Posta en práctica de actividades de aprendizaxe integradas, que traballen

simultáneamente varios elementos curriculares, principalmente as competencias clave.

- Traballo nas áreas das linguas de forma coordinada, reflectíndose no Proxecto Lingüístico de Centro os acordos sobre metodoloxía, contidos, criterios de avaliación...
- Formulación de tarefas e actividades relacionadas con resolución de problemas da vida diaria.
- Modificación de esquemas de coñecemento que se posúen: Segundo VYGOTSKY partir da realidade e os coñecementos do alumno/a (zona de desenvolvemento próximo) e levala un pouco máis alá, modificándoa coa aprendizaxe de novos coñecementos (zona de desenvolvemento potencial).
- Utilización de estilos de ensino mediante a busca: A aprendizaxe por descubrimento ten unha gran significatividade, xa que pretende que o alumnado crea nas súas posibilidades de movemento; debe descubrir o material por si mesmo/a, antes de incorporalo á súa estrutura cognitiva. Incidencia na lectura, que constitúe un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Asignaráselle media hora diaria, como mínimo, incidindo nas estratexias de comprensión lectora. Utilización dos medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) que permiten adquirir aprendizaxes máis ricos e variados.

Contribución á consecución das competencias en ed. infantil

Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas; así propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

As competencias a traballar serán as mesmas que en Educación Primaria.

Contribución á consecución das competencias en ed. primaria

En educación primaria, segundo o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3. Proxecto lingüístico.

1. PRESENTACIÓN

2. ANÁLISE LINGÜÍSTICO DO CENTRO

2.1. CENTRO E PROFESORADO

2.2. ALUMNADO

3. DESEÑO DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

3.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

3.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

3.3. DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

3.4. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

1. PRESENTACIÓN

Oroso conta cunha poboación, segundo os datos do IGE, duns 6600 habitantes. Esta poboación distribúese do seguinte xeito: un 46% é deste concello; preto dun 37% procede doutros concellos da provincia; aproximadamente un 5%, doutras provincias de Galicia; case outro 5%, doutras comunidades e un 7% dos habitantes son de procedencia estranxeira; isto é debido a que nos últimos anos Sigüeiro sufriu unha expansión urbana relacionada co espallamento da área de Santiago cara os seus concellos limítrofes.

Oroso e o seu concello ofrecen cara o ensino uns recursos didácticos que haberán de terse presentes nos deseños curriculares que se realicen.

Non contamos con datos estatísticos actualizados respecto da presenza das linguas no contexto físico e social no que se trata dun contorno galego falante no que cada vez se emprega máis o castelán entre a poboación máis nova. A miúdo se pode observar como pais/nais galego falantes se dirixen aos seus fillos/as en castelán: Parécenos de interese promover dende o centro unha mentalidade aberta e positiva cara a diversidade lingüística, que lonxe de ser un problema axuda na adquisición das diferentes aprendizaxes.

2. ANÁLISE LINGÜÍSTICO DO CENTRO

2.1. CENTRO E PROFESORADO

Tal e como se indica no artigo 3º do Decreto 79/2010, é xeneralizado o uso da lingua galega nos documentos do Centro, nas comunicacións cos diferentes membros da comunidade educativa e co contorno social,

Todo tipo de letreiros, rótulos, carteis...que existen no centro están redactados en galego.

As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

O emprego da lingua galega é asemade habitual nas conversas que o profesorado mantén coas familias. Isto non impide que o castelán teña tamén a súa presenza segundo as opcións persoais de cadaquén.

2.2. ALUMNADO

Segundo as instrucións recibidas en xuño de 2010, entregouse ás familias un modelo de cuestionario no que as familias podían indicar a lingua materna dos seus fillos/as.

Os datos recollidos foron:

Nº de alumnos/as con praza en Educación Infantil de 3 anos	Nº de familias que entregou o cuestionario	Nº de respostas de galego como lingua materna	Nº de respostas de castelán como lingua materna:	Lingua materna predominante en Educación Infantil de 3 anos	
11	6	5	1	Grupo 1:	GALEGO
				Grupo 2:	GALEGO
				Grupo 3:	GALEGO
				Grupo 4:	GALEGO

Esta pregunta sobre a lingua materna do alumnado realizarase os vindeiros cursos ao formalizar a matrícula no centro.

Debemos coñecer a lingua materna do alumnado, xa que, na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. No caso de que non todo o alumnado teña como lingua materna o galego, atenderase de xeito individualizado a cada alumno/a tendo en conta a súa lingua materna.

3. DESEÑO DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Despois de termos achegado á realidade sociolingüística do noso centro podemos afirmar que partimos dun contorno galego falante pero cuns poucos alumnos instalados no castelán aínda que isto non se corresponda coa lingua de uso na familia.

Baseándonos no marco legal que regula o ensino da lingua galega definimos a nosa pretensión como: sentar as bases para garantir un dominio calquera situación comunicativa, e asegurar unha capacidade suficiente para comunicarse polo menos nunha lingua estranxeira.

3.1.OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte de tódolos membros da comunidade educativa, co fin de reafirmalo como lingua de uso habitual por parte de tódolos órganos do centro en tódalas súas actividades.
- Garantir que toda a comunidade educativa teña un coñecemento da lingua que lles permita utilizala como lingua vehicular no seu traballo.

- Promover o uso do galego como lingua de docencia en tódalas etapas e niveis, dentro da legalidade vixente, e colaborar para que se lle dea cumprimento á lei.
- Integrar a cultura galega no ámbito escolar, e valorala positivamente.
- Adquirir unha boa competencia oral e escrita no galego.
- Traballar con expresións e palabras propias da nosa lingua.
- Coñecer e celebrar as festas tradicionais galegas.
- Implicar a comunidade educativa na dinamización do galego dentro do centro escolar.
- Aproximar e transmitirle á xente nova a realidade da nosa comunidade en especial do lugar no que viven (tradicións, costumes, refráns...)
- Achegar as novas tecnoloxías de información e comunicación (TICs) para producir recursos e materiais en galego funcionais.
- Valorar positivamente a lingua galega como lingua propia.

Estes obxectivos están dirixidos a toda a comunidade sociolingüística do centro: alumnado, profesorado, familias, institucións educativas e outros axentes comunitarios (concello, asociacións veciñais e culturais...).

3.2 LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Tendo en conta o exposto anteriormente en relación á realidade que nos circunda, propoñemos empregar o galego como lingua vehicular das aprendizaxes curriculares, mantemos como reto e prioridade avanzar, entre todo o equipo docente, nun modelo de formación plurilingüe que capacite ao alumnado para empregar con competencia as linguas curriculares; isto é, ser quen de usalas axeitadamente en contextos e situacións reais de comunicación.

E por iso que asentamos este proxecto lingüístico nas seguintes liñas de traballo:

- Primar un enfoque comunicativo no tratamento das aprendizaxes lingüísticas.
- Incentivar a investigación e o traballo transversal e cooperativo.
- Procurar novos usos da lingua galega e asentarmos nesta lingua o desenvolvemento curricular das diferentes áreas.
- Incentivar na súa realización o traballo multidisciplinar de todo o equipo docente

Dende un enfoque comunicativo, mantemos como obxectivo prioritario:

- Afianzar e mellorar a competencia do alumnado no uso do galego dentro e fora do contexto escolar, e mellorar a súa expresión oral e escrita sen descoidar a súa vertente creativa e tecnolóxica.
- O castelán ha de ter presenza instrumental no currículo para reforzar o dominio de certos usos académicos e formais, pero a súa situación de prevaenza social permite que, tanto o seu uso como mesma competencia, estean moito máis garantidos polo contexto extraescolar.

3.3 DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo o disposto no Decreto 79/2010, a distribución queda do seguinte xeito:

Área	Sesións semanais	Lingua
L. Galega	4	Galego
Ciencias	4/5	Galego
Ed. Física	2	Galego
Relixión/ Atención educativa	1/2	Galego
Matemáticas	5	Castelán
L. Castelá	4	Castelán
Ed. Artística	2	Castelán
L. Estranxeira	2	Inglés/Castelán

Debido ás características do noso centro, con aulas mixtas e alumnado de infantil e primaria na mesma aula, ás veces é moi difícil respectar esta distribución, xa que ao alumnado de infantil se lle debe falar na súa lingua materna, e no caso de áreas na que nos diriximos a todo o grupo, como en educación artística ou educación física, debemos intercalar o galego e o castelán.

3.4 MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

- ✓ Enfoque lúdico no ensino do galego, o cal propiciará unha predisposición positiva cara esta lingua. Uso do galego en xogos, adiviñas, cantigas, etc...
- ✓ Uso de recursos TIC en lingua galega. O uso das novas tecnoloxías cada vez está máis presente na escola e integrado na práctica diaria. Poden ser xogos educativos, procesadores de textos, linguaxe do sistema operativo do sistema.
- ✓ Lectura de contos sinxelos en galego, que o alumnado poderá levar para a súa casa.

- ✓ Uso de materiais en galego na aula. Poden ser láminas, carteis, libros de texto, etc...
- ✓ No programa de estimulación oral desenvolvido pola mestra de Audición e Linguaxe haberá unha especial atención ao alumnado que teña dificultades coa lingua. Un dos principais obxectivos é fomentar a creatividade na fala e ampliar o vocabulario.
- ✓ As distintas actividades propostas polo equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro están orientadas a un mellor coñecemento do galego, e ao seu uso habitual, o cal beneficiará a este alumnado en particular.

ADDENDA ANUAL PROXECTO LINGÜÍSTICO CURSO 2017-2018

1. Resultados pregunta sobre lingua materna.

Os datos recollidos sobre o alumnado matriculado neste curso en 4º de educación infantil son os seguintes:

Escola	Galego	Castelán
Deixebre	2	0
Senra	2	1
Trasmonte	1	0
Vilacide	2	2

Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, as dúas linguas oficiais.

Co fin de conseguirmos os obxectivos propostos planeáronse unhas medidas de actuación, a través de **actividades** moi concretas.

Destas actividades, programadas no mes de setembro, algunhas desenvolveranse ó longo de todo o curso e outras serán desenvoltas nun trimestre determinado.

➤ No primeiro trimestre

- SAMAÍN
- MAGOSTO
- CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

➤ No segundo trimestre

- OBRADOIRO LITERARIO
- CERTAME DE POESÍA
- O ENTROIDO EN GALICIA

➤ No terceiro trimestre

- O CÓMIC
- LETRAS GALEGAS

➤ Ao longo de todo o curso

- ADQUISICIÓN DE NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS OU EN CALQUERA SOPORTE EN GALEGO.
- COMO PASA O TEMPO...TRABALLOS DE CAMPO LINGÜÍSTICOS (TOPONIMIA, ANTROPONIMÍA, ALCUMES...) E DE PATRIMONIO ORAL (CANTIGAS, REFRÁNS, FRASES FEITAS...)
- CREACIÓN DE AUDIOLIBROS.

- CINE INFANTIL EN GALEGO.
- “RATOS DE BIBLIOTECA”.
- REVISTA DIXITAL.

Estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais.

Practicarase a lingua en contextos comunicativos reais e funcionais, potenciando o maior número de ocasións para usar a lingua nun proceso de adquisición máis que de aprendizaxe seguindo as etapas naturais nas que a capacidade receptiva está por diante da capacidade produtiva, sen forzar esta última de forma artificial.

A aprendizaxe será intuitiva, presentando mensaxes reais vinculadas aos seus intereses, incrementando de forma gradual o uso do inglés na aula e a repetición frecuente dos mesmos esquemas para que os nenos e nenas se acostumen e se atopen seguros no contacto coa lingua inglesa .

A lingua presentarase de forma significativa a través de actividades variadas e de curta duración: rutinas, cancións e rimas, xogos, contos, dramatizacións, actividades creativas e manuais, TPR, celebracións... polo tanto desde o principio utilizaranse rimas que inclúan accións, TPR (resposta física total) e diversos tipos de actividades relacionadas co movemento. As actividades participativas fan que os nenos e nenas estean entretidos, o cal os capacita para centrar a súa atención e desenvolver a súa concentración e motivación co fin de interactuar a través da lingua inglesa.

Os tipos de actividades estarán deseñados para o desenvolvemento de diversos tipos de aptitudes, incluíndo a intelixencia emocional.

Os xogos e tarefas proporcionanlles experiencias e unha grande variedade de retos cognitivos, verbais, físicos e expresivos.

2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior (2016-2017).

Neste curso, deseñamos un ambicioso plan de actividades de fomento do uso do galego. Algunhas actividades non puidemos realizalas por falta de dotación económica, pero realizamos moitas actividades ao longo do curso. Ademais das actividades enfocadas prioritariamente ao desenvolvemento lingüístico, fixemos algunhas actividades moi enriquecedoras de exaltación da cultura galega como unhas xornadas de biblioteca sobre a figura do Apalpador.

3. Incorporación, a través das distintas áreas, da educación en valores.

Debido á convivencia de dúas etapas no noso centro, referenciáanse os valores a traballar en cada etapa, para que se tomen como referencia nas programacións de cada mestre/a.

Ed. Infantil, Decreto 330/2009:

Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Ed. Primaria, Decreto 105/2014

Traballarase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Traballarase tamén a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

5. Criterios sobre avaliación e promoción do alumnado.

Criterios sobre avaliación

Debido o reducido número de alumnos, o procedemento de avaliación prioritario será a observación directa sobre o traballo desenvolvido na aula diariamente nos proxectos, debates e actividades propostas, atendendo aos referentes de avaliación (criterios de avaliación ou estándares) recollidos na lexislación vixente para cada etapa (infantil ou primaria).

En primaria, tamén se farán actividades de avaliación escritas como fichas ou a corrección do libro do alumno.

Para a recollida da información usaranse diversas técnicas (caderno do mestre, anecdotarios...).

A cualificación do alumnado dependerá principalmente do traballo diario da aula, tendo en conta as características individuais de cada alumno, e como referencia do seu progreso a el mesmo.

Na etapa de ed. Infantil, se recollerán os resultados de avaliación nos ítems de avaliación escollidos polo equipo de educación infantil, que teñen tres grados: “Con dificultade” “En progreso” e “Sen dificultade”.

Na etapa de ed. Primaria, para cada criterio de avaliación proposto, e tomando como referencia os estándares de aprendizaxe correspondentes, se establecerá unha gradación de cinco niveis, onde o primeiro nivel é unha cualificación negativa e os demais son positivos. Estes niveis serán os correspondentes coas cualificacións recollidas no decreto 105/2014:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5

Ben: 6

Notable: 7-8

Sobresaliente: 9-10

Dependendo do grado de cumprimento dos criterios de avaliación propostos, e do traballo diario da aula, o mestre da área, cualificará ao alumnado.

Criterios sobre promoción

Segundo a Orde de avaliación de 9 de xuño de 2016, o alumnado promoverá ao curso seguinte sempre que cumplise os obxectivos e alcanzase o desenvolvemento das competencias clave. Accederase igualmente ao curso

seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das devanditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida só se poderá adoptar unha vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias clave e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe. O alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de Educación Primaria (flexibilización), sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

No caso de alumnado con adaptacións curriculares por necesidades educativas especiais, os criterios de avaliación incluídos nas súas adaptacións serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción, como se establece no artigo 16 do Decreto 105/2014.

6. Liñas xerais de atención á diversidade.

As actuacións prioritarias serán as seguintes:

- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial do CRA.
- Levar a cabo o Protocolo de intervención ante un alumno/a con NEAE.
- Colaborar na elaboración e concreción dos datos persoais do alumnado para incluír no XADE
- Propoñer e coordinar medidas de apoio educativo ó alumnado, avanzando na prevención tanto dos problemas de aprendizaxe como do fracaso escolar.
- Actuacións que teñan como obxecto mellorar a coordinación entre o profesorado titor e os especialistas na atención do alumnado con NEAE. Con reunións do equipo docente cos profesionais implicados tanto do propio centro como dos servizos externos: atención temperá,...
- Participar nas reunións necesarias co equipo docente poara a mellora da intervención educativa.
- Facilitar ó profesorado os materiais elaborados polo DO para exercer a función titorial, e facilitar unha maior comunicación entre o profesorado e as familias.
- Colaborar na identificación temperá de necesidades do alumnado, e avaliar as dificultades na aprendizaxe.

7. Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Coa entrada en vigor do Decreto 105/2014 de 4 de setembro, a avaliación do alumnado queda perfectamente definida e concretada en base aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe. Estes criterios e estándares son a referencia para a avaliación, e así mesmo, tomaranse como referencia para elaborar os plans específicos de reforzo que debe elaborar o centro educativo para cada alumno/a, tendo en conta ás súas diferenzas individuais.

Incidirase especialmente no traballo das competencias, e dentro delas, das competencias matemática e lingüística, xa que son aspectos instrumentais e son precisos para traballar en todas as áreas.

En caso de que se decidira que un alumno/a permanecera un ano máis en calquera curso, os referentes para elaborar o plan de reforzo serían tamén os anteditos criterios e estándares do decreto 105/2014.

8. Proxecto lector

1. Análise das prácticas lectoras.

Queremos fomentar o hábito lector, e polas características do noso entorno, vivir lonxe da cidade, o alumnado non ten acceso a lugares como museos bibliotecas. Dentro das aulas potenciase o traballo sobre as prácticas lectoras, mediante libros de texto, lectura, libros interactivos...

Pídeselle lectura e escritura diaria para desenvolver unha mellor competencia lectora e literaria, e un bo hábito de lectura, implicitamente queremos que desenvolvan unha actitude crítica cara a información . En algunhos casos dita labor só se realiza dentro do contexto educativo, porque adican pouco tempo a esta practica nas suas casas, no ámbito familiar o placer polos libros non está integrado como rutina diaria, son lectores ocasionales.

1.2. Actuacións do centro durante os últimos anos.

A lectura sempre foi un eixe da nosa labor docente, xa que é un instrumento necesario para desenvolver as competencias básicas do noso alumnado. Nos nosos grupos facíase unha lectura diaria, xa fora o alumnado ou a mestra da aula, tamén se potenciaba a utilización de biblioteca de aula mediante un tempo concreto dentro do horario escolar, e o préstamo individual para a casa.

Nunha gran maioría dos casos o alumnado gracias a esas experiencias remataba tendo unha boa competencia lecto -escritora, e en algún caso un bo hábito lector. En outros anos houbo problemáticas con algún alumno, que foron apoiados pola profesora de A.L

Outras actuacións que se levaron a cabo foron as saídas complementarias como conta-contos, teatro,. Dentro de estas experiencias celebráronse festividades como o Samain, día do Libro ,das Letras

Galegas...nos caes se realizaron de maneira conxunta coas familias, facendo actividades variadas, plásticas, musicais, adicadas o mundo das letras. Tamén se potenciou as visitas a lugares institucionais, escolas cercanas, biblioteca municipal...

1.3. Experiencias escolares e dinamización da biblioteca no último ano escolar.

O último curso fíxose unha recollida de dotación bibliográfica para biblioteca e buscouse un espacio común dentro do espacio escolar, xa que ata agora só existían as bibliotecas de aula. Tamén ó longo do curso anterior empezaron a acondicionar a biblioteca, que se atopa na sede do C.R.A., en Vilarromaris. Foron instaladas as pantallas dixitais para a súa utilización dentro de ésta área. Continuouse coa labor de catolagación dos libros, D.V.D... que foron adquiridos últimamente.

2. A NOSA BIBLIOTECA.

2.1. Espacio e instalacións.

A nosa biblioteca escolar está ubicada na sede do noso C.R.A., en Vilarromarís. Atópase dentro das dependencias dunha escola. Dito centro divídese en dous pisos, no de enriba realízanse reunións de claustro e atópanse os recursos de aula e centro xunto co despacho de dirección. Na planta baixa está a nosa biblioteca, acondicionada especificamente para tal fin polo Concello de Oroso.

Divídese en tres espazos ben diferenciados, por un lado a entrada na cal se atopa o recibidor, esta dá paso por un lado os baños e por outro a porta principal de acceso a biblioteca.

As fiestras da nosa biblioteca, atópanse en dúas das paredes, as da parede que está ubicada cara a carretera principal, son amplas e inundan de

luz todo o habitáculo, as outras, no lado contrario, son máis pequenas pero aportan un lugar de intimidade e relax. Nun futuro adquiriranse unhas cortinas para permitir escurecer a sala en caso de ser necesario.

O cor que predomina é o verde oliva dando calidez e amplitude. O longo dos anos escolares decorárase este espacio segundo sexan desenvolvidas as experiencias de animación a lectura, incluíndo: pinturas, cenefas...

O chan está adaptado e recén posto para que o noso alumnado poida desfrutar da lectura en calquera lugar sen medo a arrefriar ou luxarse.

Está equipado con armários de vitrina que permitan o acceso o material bibliográfico, interactivo, xogos de animación a lectura... Tamén se colocaron espositores para revistas, periódicos... Nun futuro poñeráse un ordenador no cal se xestione o préstamo e o acceso os/as usuarios/as as TICs.

Hai colocado un cañón de luz con unha mampara como recurso a hora de desfrutar das actividades deseñadas dentro do horario de apertura, as cales se colocan na porta de entrada para coñecemento de toda persoa que queira acudir.

Fixéronse espazos específicos para a lectura relaxada e outros adicados o traballo colectivo ou individual, colocando mesas, sillas, tapices...

Aínda que na planta superior se atopan gran parte dos recursos (fotocopiadora, FAX, escaner, plastificadora...) debido a falta de espazo, a totalidade o claustro terá acceso a eles.

2.2. Uso, funcionamento e horario actual da biblioteca.

Xa é o segundo ano escolar que funciona a biblioteca de centro e houbo unha serie de reformas para acondicionar este espazo para tal fin. Pero debido a falta de espazos este lugar tamén é utilizado para: reunións escolares: Consello Escolar, pais/nais... e atención a pais/nais en horario de titoría.

Está previsto abrila a comezos do mes de outubro. O seu horario será de 16:30 a 17:45 os martes pola tarde. Solo terá acceso a ela o alumnado do centro.

O profesorado do centro rotará dentro dese horario específico levando a cabo as actividades proxectadas para todo o ano.

2.3. A biblioteca e a comunidade educativa.

A biblioteca deste centro tenta ser un espazo comunal, no que as familias interaccionen e participen de maneira activa nela. Queremos que traian os seus intereses a este lugar e que o consideren algo propio que se debe coidar e respetar.

Tamén incluímos o Concello e outras institucións vincularas: Preescolar na casa, asociacións veciñais... incitandos a colaboración xa sexa na adquisición, como nas melloras, na formación ou simplemente no apoio.

3. DINAMIZACIÓN DO PROXECTO.

A dinamizadora do proxecto lector e o plan de uso da biblioteca é Dona María de la O Giadáns Aldrey; mestra do centro. Está apoiada por todo o claustro de mestras. Todo o profesorado formará parte de dito equipo de dinamización.

Tamén apoian firmemente as familias, o Concello e diversas institucións vinculadas a nosa escola.

3.1. Proposta de dinamización.

A dinamizadora do proxecto cumprirá as seguintes funcións:

- Elaborar, coordinar, poñer en práctica e avaliar o proxecto lector.
- Orientar as mestras sobre posibles dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento desta planificación.
- Abrir canles de difusión das experiencias realizadas.
- Asesorar sobre recursos dispoñibles para o desenvolvemento do proxecto.
- Apoiar a creación de novos contidos educativos e a súa difusión.
- Regular as ferramentas educativas e facilitar a súa utilización.
- Administrar recursos sempre e cando poida conseguilos para facilitar a adquisición dos obxectivos.
- Coordinar o traballo en equipo do profesorado e garantir: participación e coordinación entre o centro, a administración e outros axentes externos implicados, asesoramento as mestras, información o claustro, propor experiencias de formación e detección de problemáticas que poidan xurdir.

3.2. Actuacións da coordinadora:

Para o logro das anteriores funcións a coordinadora colaborará coa dirección do centro realizando as seguintes actuacións:

- Organizar o material e catalogalo.
- Distribuir a realización de acondicionamento estético da biblioteca.
- Elaborar un listado co material presente para ver se necesitan renovación do mesmo ou se é preciso mercar novo.
- Colaborar e organizar sempre que sexa preciso actividades de animación a lectura.
- Propor visitas didácticas a bibliotecas, ludotecas, exposicións ou lugares de interese vinculados o mundo das palabras.
- Solicitar axudas e materiais a institucións e organizacións.
- Informar periódicamente do desenvolvemento do plan lector.

4. PLAN DE ACTUACIÓNS.

4.1. Xustificación.

Na Lei Orgánica 2/2006 de educación, a na Lei Orgánica 8/2013 e no Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia indícasenos a elaboración deste Proxecto Lector de Centro, para que o alumnado posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Debemos ter en conta que a lectura é unha práctica continua e nós como educadoras, temos que en primeiro lugar proporcionar unha ensinanza significativa da lectura e a escritura para así avanzar cara unha afición e un sentido crítico desta competencia básica.

Esta sociedade considerada da información fai que o noso alumnado necesite novas estratexias para o coñecemento e a comprensión do que o bombardea. Queremos que os nosos nenos e nenas adquiran hábitos lectoras, busquemos alianzas coas familias, o entorno e calquera outro axente que poida intervir nesta adquisición.

No noso CRA queremos oíntes activos e que teñan boa comprensión lectora para que as incorporen a súa vida cotiá e sepan utilizalas en situacións reais. Asumimos este compromiso.

4.2. Obxectivos.

Os nosos obxectivos asentaránse sobre dúas ideas fundamentais o fomento da lectura e a escritura no noso centro e a dinamización e integración da biblioteca na nosa labor diaria.

Propomos os seguintes:

- Estimular o hábito da lectura activa desde idades temperás.

- Achegar o libro o alumnado para que se produza o intercambio de experiencias lectoras.
- Descubrir o gozo de ler e o interese polo dominio da lectura e a escritura.
- Aportar o alumnado recursos e técnicas para saber utilizar material bibliográfico de diferente tipo con temas motivadores adaptados a súa idade.
- Espertar a reflexión crítica para facilitar o seu crecemento persoal e a autonomía de pensamento.
- Favorecer o intercambio de experiencias lectoras e crear vínculos sociais máis personalizados entre o alumnado e este de cara a comunidade escolar.
- Descubrir a lectura como un recurso para o periodo de entretemento e ocio.
- Establecer o periodo de lectura nas escolas que impartan educación primaria tal e como nós indica o decreto 130/2007 do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Mellorar a comprensión lectora e a calidade da escritura no noso alumnado.
- Implicar a comunidade educativa no proxecto e espertar o gusto pola lectura para potenciar nos nosos nenos e nenas o hábito lector.
- Dinamizar a biblioteca de centro con experiencias diversas.
- Asentar actividades conxuntas con outras bibliotecas da zona.
- Observar a necesidades da biblioteca e das aulas para priorizar e adquirir os fondos necesarios.
- Revisar o material bibliográfico, catalogar e seleccionar para organizar o que xa se posue e reemplazar o deteriorado.
- Mellorar as instalacións, espazos e o mobiliario da biblioteca.
- Crear a imaxe da biblioteca escolar como un espazo e recurso para a constitución dunha comunidade de lectores e lectoras activos.
- Mercar un ordenador específico e dotalo de liña para o acceso a Internet.

- Dividir a biblioteca de centro e de aula creando lugares acolledores e diferenciados para proporcionar un estímulo cara a lectura e escritura.
- Abrir a biblioteca a toda a comunidade e potenciar o préstamo de fondos.
- Surtir económicamente a biblioteca de centro e de aula.
- Formar o profesorado para integrar a biblioteca nas programacións de aula, de ciclo, no proxecto curricular e no proxecto educativo de centro.
- Utilizar as TICs como recurso didáctico para o fomento e a competencia lectora.
- Dignificar a lectura como unha metodoloxía para a mellora do aprendizaxe.
- Cohesionar as intervencións, evitando o aillamento, logrando un plan de intervención coherente e continuo.
- Motivar o alumnado utilizando recursos e abríndolles un camiño do que aprendan a aprender.
- Favorecer o intercambio mediante exposicións orais e dramatizacións.
- Elaborar traballos en grupo (planificar, repartir tarefas, procurar información, poñer en común, elaborar un informe final e presentar os/as demais) para lograr a lectura colectiva.
- Manter e impulsar a filosofía deste proxecto entre o equipo directivo, o claustro e a comunidade escolar.

4.4. Plan de uso da biblioteca escolar.

Para o uso da biblioteca escolar trazamos os seguintes obxectivos:

- Utilizar a biblioteca escolar e de aula integrandoa dentro da práctica docente e facendo dela un centro xerador de experiencias que afiancen os hábitos lectores, competencias escritoras e aprender a aprender.
- Participar e implicar a comunidade educativa dentro da dinamización da biblioteca e así contribuir a creación dun ambiente lector dentro e fora do centro escolar.

- Elaborar materiais de traballo e propostas para o fomento da promoción lectora (técnicas e estratexias para o fomento e desenvolvemento da lectura e a escritura, habilidades de consulta e investigación...).
- Organizar e celebrar actividades de formación para a comunidade educativa.
- Achegar o alumnado os recursos dos que se dispoña.

Para lograr as capacidades anteriormente expostas é preciso que a biblioteca escolar esté en perfectas condicións, polo cal consideramos necesario que no primeiro trimestre fagamos o seguinte:

- Crear a figura do bibliotecario/a.
- Acondicionar o espacio da biblioteca de centro aumentando: mobiliario, decoración, expositores...
- Seleccionar material bibliográfico para dotar, catalogar, seleccionar, prescindir... as bibliotecas do centro.
- Inscribir o material válido a través do programa MEIGA.
- Dotar economicamente a biblioteca.
- Apertura da biblioteca a comunidade educativa.

Neste trimestre comezaremos a poñer en práctica parte das actividades propostas anteriormente.

No segundo trimestre afianzaremos sobretodo as actividades de animación a lectura. Dando pe os obradorios creativos, as visitas programadas... Pero daremos especial importancia o coñecemento das normas e deberes dentro deste espacio escolar e como é a súa formación dentro deste campo.

Xa no terceiro trimestre faremos experiencias de exterior, de exposición... Para axudar a avaliación do ano escolar no referente a biblioteca.

4.5. Implicación da comunidade educativa, institucións e asociacións

Unha das metas máis difíciles de acadar pero máis atractiva é a idea de implicar a todos os axentes internos e externos do centro dentro deste proxecto de dinamización.

Queremos que ademais de estar integrada dentro da actividade docente tamén se atope impregnada no resto da sociedade. Para o cal imos pedir a colaboración das familias dentro deste proceso de avance e cambio.

Solicitaremos que nos axuden na adquisición de subvencións e dotacións para o aumento da nosa biblioteca. Polo tanto tamén queremos implicar a administración, asociacións e outras institucións neste camiño, seguindo os mesmos parámetros.

4.6. Recursos económicos e materiais.

O noso CRA aporta: material bibliográfico, material interactivo, material funxible, material de reprografía... Pero esperamos de outras institucións como o concello, a administración, asociacións veciñais, asociacións sen ánimo de lucro... que nós dean:

- Dotación económica para os gastos de funcionamento, edición da revista escolar, outros panfletos...
- Material informático.
- Mobiliario axeitado.
- Actividades de formación.
- Material bibliográfico, interactivo...
- Visita de contacontos, autores...
- Saídas a centros de interese vinculados o mundo lector.
- E todo o que poida ser utilizado e resulte de interese para a potenciación a lectura e a escritura.

5. FORMACION E IMPLICACIÓN DO PROFESORADO.

Contemplamos a formación específica mediante a autoformación da coordinadora do proxecto, a asistencia a cursos convocados polo Cefore.

O interese e implicación para o desenvolvemento do proxecto é total. Isto pode supoñer logros na autoformación do profesorado ao incluír na súa práctica docente unha serie de actuacións e técnicas que inciden de forma transversal no currículo, facendo isto máis gratificante e axudando á consecución de obxetivos fundamentais a nivel de lectoescritura, participación, autoaprendizaxe...

6. AVALIACIÓN.

A avaliación debe propiciar que todos os implicados manifesten as súas opinións, valoracións, a través das reunións, entrevistas...

Haberá que realizar unha autoavaliación nas reunións dos equipos así como un seguimento e atención do programa da biblioteca escolar.

A avaliación debe ser un proceso contínuo e actualizado: interesa analizar as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados no contexto do proxecto. Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento de traballo e incidencia : dinámica de traballo dos equipos; uso dos servizos creados e dos medios dispoñibles; adaptación aos imprevistos. Todo elo pode servir para revisar, reconducir e modificar calquera aspecto dos elementos que interveñen durante o proceso.

Farase un balance global e por apartados dos resultados da posta en práctica do proxecto. O longo do curso o responsable da biblioteca xunto co resto do profesorado, deben analizar unha serie de indicadores, criterios ou referencias respecto o plan de biblioteca e desenvolvemento do programa de promoción lectora.

Enuméranse unha serie de criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e a consecución dos obxetivos propostos:

En relación ó alumnado :

- O índice de lectura e o hábito creado a través das fichas de lecturas persoais, e dos controis de préstamo e uso da biblioteca de aula e centro.
- O grado de autonomía e participación.
- Valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.

En relación ó profesorado:

- A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións de aula.
- O cambio de actitude respecto á metodoloxías, contidos, actuacións, no campo do fomento da lectura e escritura no Centro.
- A integración dun tempo adicado á promoción lectora nas súas horas de traballo diario e a organización e uso da biblioteca de aula.
- Grado de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares, organizadas dende a biblioteca escolar.

Respecto a os pais e nais:

- O coñecemento real dos obxetivos do programa, así como a súa disponibilidad e participación nas actividades organizadas.
- Os recursos humanos e materiais que aporten.
- Os seus papeis de axentes dinamizadores de outros pais e nais.

9. Plan de integración das TIC.

1 – XUSTIFICACIÓN

Non podemos obviar a realidade, nin podemos permitirnos vivir o marxe da mesma. O noso alumnado debe ser formado enteramente, para incorporarse en un futuro a las exixencias laborales da nosa sociedade. Negarlle o alumnado a súa formación nas TIC e pecharlle un mundo de posibilidades e a nosa obriga como responsables directos da súa formación es facilitarlle, achegarlle, animarlle e incorporarlle ao uso das mesmas.

O noso obxectivo e o de integrar as TICs como recursos imprescindibles, recoñecendo a súa utilidade e valorando as infinitas posibilidades de aprendizaxe que este tipo de recursos nos ofrece.

Por suposto neste proxecto participa a totalidade do profesorado do centro e non está pechado a que se coñeza e participe os pais e nais do noso alumnado.

2 – RECURSOS

O Centro dispón de variados recursos TIC por aula, adecuados ao número de alumnos que hai en cada escola.

3 - COMPETENCIAS DA COORDINADORA

3.1- OBXECTIVOS

- Coñecer as necesidades formativas do centro.
- Dinamizar a creación de materiais de traballo para as TIC a través de Grupos de traballo.
- Apoiar a o profesorado na integración das tecnoloxías informáticas e audiovisuais no curriculum.
- Colaborar na promoción dos medios informáticos como medio de información, entreteñemento e ocio

- Organizar e xestionar os medios e recursos de que dispón o centro e mantelos operativos e actualizados
- Informar a o profesorado sobre as novas ferramentas, os produtos e sistemas dispoñibles para a educación, e difundir a súa utilización na aula
- Participar na xestión do presuposto asignado a o proxecto, velar pola súa utilización ao servizo dos fins do mesmo e xustificar o seu uso axeitado.
- Manter contacto permanente cos asesores de novas tecnoloxías da UAC
- Coordinar a creación dun blog e mantemento da páxina web do centro como espazo de comunicación, cooperación e participación de toda a comunidade educativa.
- Facilitar o acceso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ás Tic.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das linguaxes audiovisuais.

3.2–ACTIVIDADES

Se seguirá colaborando con todo o profesorado na aplicación informática como instrumento de ensino e intentaremos axudarlle en todo para a inclusión de estes medios no desenrolo das clases e a súa inclusión no currículo

- Propónse manter unha reunión co profesorado do Centro, que o desexe , co fin de explicarlles o uso técnico dos aparatos audiovisuais cos que conta o Centro
- Colaborar co profesorado no manexo de programas informáticos o audiovisuais.
- Asesoramento do profesorado no manexo de programas informáticos: Office
- Asesoramento ao profesorado no manexo do programa de xestión da Xunta de Galicia XADE

Co fin de que os compoñentes informáticos e audiovisuais distribuídos polas diferentes aulas do Centro estean en perfecto estado para o seu uso, se fará un seguimento técnico dos mesmos, tomando as medidas oportunas para a súa reparación e mantemento que sexan necesarias.

Destinarase os recursos económicos precisos a reparacións e compra de novo material, escoitadas as demandas do profesorado.

Se actualizará o inventario anotando exactamente o seu número de referencia, quedando unha copia nas distintas titorías do profesorado

Se impulsará o uso de Internet coma medio de atopar infinidade de recursos para aula, como medio de comunicación de experiencias, recollida de información e como medio de compartir proxectos con outros centros.

Propónse incluír no currículo do alumnado de Primaria e do segundo Ciclo de Infantil, as TIC como un elemento transversal. O obxectivo a lograr será o de que tódolos alumnos coñecesen basicamente os medios informáticos . En infantil se utilizarán para o fomento da lectura e para o reforzo da lecto-escritura en Primaria nos centraremos máis no aproveitamento destes medios para profundizar nos obxectivos e contidos de coñecemento do medio. O coordinador informará a o profesorado dos cursos de formación que se oferten

Organizaranse grupos de traballo coa finalidade de coordinación do profesorado e de asesoramento e formación do mesmo.

Elaboración de actividades para PDIs das diferentes unidades e centros de interese que abarcarán diferentes ámbitos: lecto-escritura, música, inglés, coñecemento do contorno e interacción co mundo, identidade e autonomía persoal, igualdade de xénero...

Realizaráse unha nova Web do centro así coma un blog.

4 - AS TICS EN EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS PARA 3 ANOS

- Encendido e apagado do ordenador
- Identificación das partes dun ordenador
- Manexo do rato: mover,desplazar, clicar, arrastre, dobre clic, seleccionar
- Uso do teclado para escribilo seu nome eo dos seus compañeiros
- Introducir un disco de xogos e abrílo no seu icono
- Debuxar na pizarra dixital
- Uso do teclado na pizarra dixital

OBXECTIVOS PARA 4 ANOS

- Saber encender e apagar o ordenador
- Manexo do rato
- Uso do teclado:
 - Cambiar o aspecto dun texto fonte, cor, negrita. suliñado
 - Uso do Word Art
- Abrir un programa de xogos
- Cambiar o fondo de pantalla
- Utilizar o Paint
- Imprimir os seus traballos

OBXECTIVOS 5 ANOS

- Tódolo citado para tres e catro anos
- Funcións do teclado:
 - uso de maiúsculas e minúsculas
 - barra espaciadora
 - cambio de liña
 - tecla de borrado
 - cambio de fonte tamaño, cor
- Word Art
- Signos de puntuación
- Utilización do scanner
- Inserción de imáxenes en textos
- Utilización dun buscador de información
- Saber buscar e consultar o blog e a web do centro
- Elaboración de contos.

5 - AS TICS EN PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Tódolos citados para o alumnado de 5 anos
- Uso de internet
- Utilización dun buscador
- Realizar dictados con procesador de textos

- Inserir imaxes xunto a un texto.
- Intercambio, de producciones con outros centros
- Uso de programas de grabación
- Elaboración de contos utilizando unha presentación de powerpoint
- Elaboración de comics usando o programa de comiclfe
- Uso de algún programa de visionado de fotos con música e textos.
- Utilización do ordenador como ferramenta para profundizar nas aprendizaxes
- Envío e recepción de e-mails
- Video conferencia e uso do messenger para comunicarse entre os compañeiros das diferentes aulas do centro e de outros centros.
- Uso da cámara dixital

6- OBXECTIVOS CARA AS FAMILIAS

- Achegar o Colexio á sociedade na que está inserido mediante o uso das TICS para espallar a información e colaborar na formación, sobre todo, das familias da Comunidade Educativa.
- Conseguir acadar unha mellor comunicación coas familias a través do correo electrónico e da páxina web do Colexio utilizándoos como medios preferentes. Asimesmo dende a páxina web do centro poderanse desenvolver múltiples actuacións dende o fogar pois se pretende unha páxina web interactiva e que permita a participación das familias e tamén a creación de materiais creados polas familias . Recomendacións, suxerencias, páxinas ou lecturas interesantes,..o intercambio de información entre o Colexio e as familias.

7-METODOLOXIA A SEGUIR CO ALUMNADO

Para un correcto desenvolvemento das Novas Tecnoloxías, estas non poden ser de ningún xeito un compartimento estanco, illado das áreas curriculares. Entendemos que non deben supoñer unha área diferente, pois o importante e que se convertan en ferramentas poderosas a implementar en todas as áreas.

O seu valor como motivador para o alumnado ten que ser aproveitado na práctica docente diaria. Está claro que tamén será necesario buscar momentos para dotar ao alumnado dos coñecementos básicos nas TICS , na Informática, para que poidan desenvolverse con soltura con estas ferramentas. Serán coñecementos que lles permitan utilizar as novas tecnoloxías no decorrer da súa práctica na escola nas diferentes áreas.

Os alumnos e alumnas terán que adquirir coñecementos para poder traballar con esas ferramentas; a elaboración de presentacións con Powerpoint e con Open Office, o traballo con paquetes de actividades do JClic ...esixen ter uns coñecementos mínimos para poder empregalas habitualmente

O traballo coa pizarra interactiva e coa virtual, xa dende a E. Infantil debe ser cada vez maior, pois a experiencia do curso pasado leva sido moi positiva pola alta motivación que teñen para o alumnado as actividades feitas con estes medios.

A metodoloxía debe ser colaborativa en moitas das actividades nas que se empreguen as TICS buscando a integración de todo o alumnado da aula, sen excepción. .

Habilitaranse diversos momentos para traballar na aula con estes recursos. Usáranse, en primaria, para profundizar nas áreas e reforzar os contidos explicados e co alumnado de infantil se adicará ao apoio e reforzo da lecto-escritura así coma a animación a lectura coa presentación e elaboración de contos en formato dixital

8.- PLAN DE AVALIACIÓN

A avaliación do noso proxecto TIC concrétase nos apartados que a continuación se relacionan:

8.1.- Temporalización do proceso:

- Un período de avaliación inicial ao principio do próximo curso no que o equipo TIC do centro valorará o estado da implantación das TIC en cada titoría.
- Avaliación continua durante o curso, na que revisaremos como evoluciona o traballo, se se cumpren os obxectivos ou deben ser revisados ou rectificandos.
- Unha avaliación final no mes de xuño de cada ano, reflectida nas memorias aportadas polo profesorado na que se extraian conclusións prácticas para o proxecto do curso seguinte.

8.2.- Establecemento dos criterios xerais sobre os que se organiza o proceso de avaliación:

- Avaliaremos o proceso en si, aos alumnos e ao profesorado, para deducir conclusións significativas e propostas de mellora.
- Determinación do grao de coñecemento das ferramentas empregadas e nos procesos de traballo e da competencia dixital do alumno/a.
- Avaliación do grao de implicación do profesorado e da incidencia do uso das TIC na súa práctica docente.
- Determinación do impacto da aplicación das TIC entre o profesorado, na organización académica e institucional do centro e na proxección deste ao exterior.

8.3.- Items obxecto da avaliación:

- Indicados no apartado de contidos e desenvolvidos no bloque das actividades.

8.4.- Instrumentos avaliativos e de retroalimentación:

- Observación directa por parte do titor/a durante o traballo de aula.
- Valoración dos resultados dos miniquests realizados.
- Realización de traballos sinxelos nos que teñan que acreditar o manexo das ferramentas de edición e comunicación habitualmente empregadas.
- Realización dunha enquisa final de valoración (para o mestre e o alumnado).

10. PLAN DE CONVIVENCIA. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA.

- 10.1 Introducción
- 10.2 Comisión de Convivencia do Centro
- 10.3 Situación de partida do centro
- 10.4 Situación actual da convivencia
- 10.5 Implicación da comunidade educativa
- 10.6 Obxectivos xerais do Plan
- 10.7 Obxectivos para o desenvolvemento de estratexias de prevención e intervención.
- 10.8 Conxunto de actividades a levar a cabo para o desenvolvemento dos obxectivos.
- 10.9 Normas de Organización, funcionamento e convivencia.
- 10.10 Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

10.1 INTRODUCCIÓN

Independentemente da obriga á hora de confeccionar este Plan, dende o centro viñamos preocupándonos de cómo atender as necesidades educativas do noso alumnado, non só dende un punto de vista curricular, senón tamén, e non menos importante, dende a necesidade de formar os nosos discentes como persoas.

Somos conscientes que hoxe en día a escola, ademáis de transmisora de coñecementos, debe converterse nunha escola de cidadanía, capaz de contribuir na paixoa, e ó mesmo tempo difícil tarefa de formar persoas con comportamentos cívicos e responsábeis.

Non queremos esquecer o papel fundamental da familia, dos grupos de iguais e dos medios de comunicación.

Na escola, ao igual que noutros contextos, reproducense situacións conflictivas da sociedade, pero tamén a posibilidade de supervisión e resolución deses conflitos, xa que sen dúbida algunha, consideramos a escola un lugar ideal para **APRENDER A CONVIVIR**.

O noso centro persegue un gran obxectivo: **“formar persoas capaces de asumir diferencias, capaces de dialogar, de respetar, en definitiva, futuros cidadáns capaces de convivir”**.

Asimesmo, tal e como reflexábamos anteriormente, debemos remarcar a necesidade de lograr a implicación de toda a comunidade educativa, polo que debemos ser quen de establecer as canles axeitadas de información coas familias.

10.2 COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Segundo o establecido no Decreto 8/2015, créase no seo do Consello Escolar unha comisión de convivencia, da que forman parte todos os membros do Consello Escolar.

Estarán abertos á participación na mesma o profesorado titor relacionado co tema que se analice e os profesionais de sanidade ou servizos sociais que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Esta Comisión de convivencia terá como funcións principais:

1. Dinamizar o Plan de Convivencia do centro
2. Elaborar un informe anual da análise da convivencia
3. Informar trimestralmente no Consello Escolar
4. Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados no plan de convivencia
5. Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia

A Comisión manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta dun mínimo da terceira parte dos seus compoñentes.

10.3 SITUACION DE PARTIDA DO CENTRO

3.a. SITUACIÓN XEOGRAFICA

O CRA de OROSO está situado no concello de Oroso. Oroso confórmase coma un dos municipios da Coruña, situado entre Ordes e Santiago de Compostela. A evolución demográfica foi moi cambiante ó longo dos anos rexistrándose a 1 de xaneiro de 2008 un número aproximado de 7173 habitantes. Habemos de ter en conta que esta poboación vese incrementada pola taxa migratoria positiva dos traballadores do redor que non se reflicte no censo do municipio.

A zona de maior concentración de habitantes atópase no centro do pobo, en Sigüeiro, donde se atopa o concello e a maior parte dos servizos á comunidade

O concello atopase situado nun val, onde o río Tambre é o principal elemento hidrográfico. Conta con outros cinco ríos, de aí o nome turístico de Oroso; o concello dos cinco ríos. Estes ríos son: O Tambre, Maruzo, Cabrón, Samo, Lengüelle e Carboeiro.

O C.R.A. de Oroso constitúese o 9 de xuño de 2005

Ao amparo da orde do 1 de xuño de 2005 e do decreto 63/1988 do 17 de marzo sobre constitución de Colexios Públicos Rurais Agrupados.

De acordo co establecido neste decreto os centros públicos de menos de oito unidades sitos en ámbitos rurais poderán agruparse para constituir un só colexio público que gozará de plena capacidade académica de xestión.

As unidades agrupadas quedan extinguidas como tal a partir do Colexio Rural.

3.b SITUACIÓN SOCIO-CULTURAL

En Oroso existe unha concentración parcelaria que xunto coa climatoloxía, facilita as labores neste sector. A maior parte das explotacións agropecuarias adicanse a produción láctea.

Unha parte das terras adicanse a produción madeireira, tanto para aserraderos do concello como para a venda ó exterior. O rápido crecemento e a abundancia de auga na zona fixo que o eucalipto e o piñeiro pasaran por diante de outras especies autótonas. A actividade da horticoltura ten como fin o autoabastecemento familiar.

A proximidade a Santiago fai que o sector agropecuario deixe de ser a principal fonte de ingresos familiares pasando a cumprimentarse co traballo noutros sectores como a industria, a construción e servizos.

Desde hai uns anos Oroso conta cun polígono industrial, onde a principal actividade é a de almacenaxe e distribución de diferentes produtos.

Este polígono atópase en auge e fai que a economía da zona dea un xiro cara o sector servicios. Destacan empresas relacionadas co sector da construción (madeira, formigón...), así como a hostelería.

Neste sector atopamos dous hoteis de diferente categoría e varios hostais; para comer atopamos mesóns, restaurantes e parrilladas que se adaptan ás necesidades de cada quen, e en relación co número de habitantes na zona atópanse un número elevado de bares e cafeterías que polas noites pasan a ser pubs. Os fins de semana convértese nun punto de encontro para xóvenes que se desprazan a concellos próximos para disfrutar de momentos de ocio.

Nesta zona o desemprego ata o de agora non afectaba notablemente xa que o polígono industrial e a oferta de emprego que proporciona Santiago cubren as necesidades do concello, se ben é certo que as empresas relacionadas coa construción (a maior parte) estanse vendo afectadas nestes últimos meses polo descenso de traballo e isto podería modificar moi negativamente esta situación.

3.c. DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

Constitúen o Colexio Rural Agrupado as catro escolas actualmente en funcionamento e unha mais que se adica a biblioteca común para todas as escolas e a labores administrativas facendo as funcións de sede do C.R.A .

O concello de Oroso é o encargado do mantemento das instalación de ditas escolas, e colabora activamente no funcionamento da escola poñendo á nosa disposición tanto medios materiais como unha persoa que se fai cargo do mantemento dos edificios.

10.4 SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

Na actualidade a situación de convivencia nas distintas escolas é boa. Non se observan problemas serios. As relacións coa comunidade educativa, en termos xerais, é boa.

A implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as tamén é satisfactoria; dado que estamos a falar de nenos/as que cursan educación infantil e 1º e 2º de primaria a preocupación, interese e participación familiar é alta.

O emplazamento das catro escolas nun entorno próximo e coñecido polo alumno/a é propicio para unha boa integración escolar e favorece a comunicación coas familias.

A hora de atención a pais e nais realizarase segundo a seguinte distribución:

Titoras de Vilacide: martes de 17:30 a 18.30.

Titora de Senra: martes de 17:30 a 18.30

Titora de Trasmonte: martes de 17:30 a 18.30.

Titora de Deixebre: martes de 17:30 a 18.30.

Se nalgún momento puidese xurdir algunha dificultade para achegarse ao centro nese horario, os pais/nais poderán ser atendidos polos titores/as telefónicamente ou en distinto horario, sempre que sexa comunicado con antelación e non se interrompa o normal desenvolvemento das clases.

Debemos mencionar que o profesorado titor transmite ao inicio do curso normas de funcionamento da escola, aprobadas polo claustro. Estas normas convén reforzalas ao longo do curso, xa que algunhas van perdendo efectividade (silencio nas entradas, saídas, cambios de clase...)

En definitiva, poderíamos concluir que os conflitos máis frecuentes no centro son:

- Disrupción na aula: falar cos compañeiros/as, falar sen respectar o turno de palabra.
- Pérdida de respecto entre iguais ou menores no tempo de recreo.
- Desobediencia ás ordes educativo-formativas do mestre-a/familia.
- Olvido do material preciso para o normal funcionamento da clase.
- Falta de hábitos de traballo: falta de traballo na casa, estudo organizado...

NORMAS DE CONVIVENCIA

- Establecemento dunhas normas particulares de aula seguindo unhas pautas xerais establecidas nas actividades propostas para desenvolver ao longo do curso. Cada titor/a adecuará co seu grupo de alumnos/as a aplicación das normas de convivencia.

10.5 SIMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Como ben se espuxo na introducción, a execución deste plan non tería sentido se non partise da implicación e consenso da comunidade educativa, dende o profesorado, alumnado e familias, ata chegar ás distintas administracións.

Por parte do profesorado, a implicación debe vir dada polos acordos á hora de determinar que pautas de intervención queremos seguir para acadar os compromisos e obxectivos que nos propoñemos. Parece fundamental que sexamos capaces de coordinar e apostar como conxunto, para poder asentir as bases e, dese xeito, conquistar ditos obxectivos. Temos que ter unha actitude aberta ao consenso e á búsqueda colectiva de solucións ás dificultades. O alumnado non pode recibir contradicións por parte do profesorado.

Con respecto ao alumnado, debemos lograr unha alta participación do mesmo, non como meros espectadores, senón como verdadeiros partícipes da comunidade educativa. Debemos facelos responsabeis de tarefas tipo:

- Participación e revisión das normas de convivencia
- Participación en festas e actividades do centro, colaborando na súa organización

Ás familias debemos insistirle na importancia da súa colaboración, promovendo a súa participación a través das canles das que dispoñen (Consello Escolar,), a súa formación e interrelación (Oferta de actividades formativas, participación nas complementarias que se desenvolven no centro), e no adecuado seguemento do proceso educativo dos seus fillos/as (relación fluída cos titores/as, información sobre o desenvolvemento de hábitos de estudo, normas de comportamento,...)

10.6 OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

- Implicar a tódolos sectores da Comunidade educativa (profesorado, familias, alumnado e institucións)
- Considerar a convivencia como un fin en si mesmo, e non como unha simple aplicación de medidas disciplinarias
- Elaborar unha serie de normas de convivencia creadas e aceptadas por tódolos membros da comunidade educativa.
- Iniciar a formación da comunidade educativa na resolución pacífica de conflitos
- Potenciar un desenvolvemento social e individual do alumnado, co fin de crear persoas capaces de convivir en paz e harmonía.
- Unificar criterios de actuación entre o profesorado, co fin de dar unha resposta conxunta ás situacións conflictivas que poidan xurdir

10.7 OBXECTIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN AO LONGO DO CURSO 2017/2018

- Acadar que todo membro da comunidade educativa se sinta cómodo, acollido, seguro, valorado e como parte importante desta Comunidade escolar
- Integrar a tódolos alumnos/as no seu grupo e no centro
- Lograr a implicación de todos/as na formación integral dos nosos alumnos
- Dotar ao alumnado das competencias necesarias para o seu desenvolvemento como persoas

- Avanzar no respecto ás diferenzas individuais, á colaboración, solidariedade e recoñecemento da diversidade cultural
- Elaborar, consensuar e interiorizar unhas normas de convivencia
- Utilizar o diálogo, a negociación e o acordo como recurso para resolver e superar conflitos interpersoais de forma positiva (mediación)
- Analizar a situación do patio escolar como espazo educativo

10.8 CONXUNTO DE ACTIVIDADES A LEVAR A CABO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS

- Levar a cabo o proceso de acollida establecido no Plan de Acollida do centro, tanto co alumnado de novo ingreso, como co profesorado que chega por vez primeira ao centro
- Traballar a empatía e os sentimentos
- Tentar que o alumnado sexa capaz de expresar o que sente, o que lle molesta, sen ter represalias por tal
- Continuar coa organización e participación nas festas e conmemoracións que realiza o centro, fomentando as boas relacións entre tódolos membros da comunidade escolar
- Realización dunha observación sistemática por parte do titor/a, e en xeral de todo o profesorado, coa fin de detectar situacións de inadaptación e exclusións... e así poder intervir traballando tanto a nivel grupal (clase, pandilla) como individual e familiar. Para tal efecto o centro debe dispoñer de unidades didácticas, textos, actividades colectivas de elaboración propia ou allea co obxectivo de favorecer a integración do alumnado rexeitado.
- Continuar impulsando o desenvolvemento de programas dirixidos ao noso alumnado, tales como o de habilidades sociais, de prevención de drogodependencias, e todos aqueles que poidan ser ofertados polas administracións.
- Organización de actividades favorecedoras da transmisión de valores
- Impulsar a utilización ao longo do curso de habilidades sociais básicas en todas as etapas educativas: saúdar, pedir por favor, dar as grazas, orden nas entradas e saídas, facer filas de forma correcta, ser capaz de agardar na clase sen facer escándalo, evitar que o alumnado transite só polas dependencias do centro. Para conseguilo todo o profesorado debemos ser máis estrictos no cumprimento destas normas.
- Posta en práctica co grupo-clase de actividades e xogos para que os nenos e nenas aprendan a resolver problemas sen agresividade nin pasividade.
- Organización de actividades multiculturais coa fin de que o neno/a ademais de xogar interiorize a existencia doutras culturas.
- Establecer as normas de convivencia en base a: aula, centro, patio e actividades extraescolares e complementarias. Estas normas deben ser poucas, claras, pensadas e escritas en positivo, en sempre en primeira persoa de plural.
- Establecemento dunha serie de canles axeitadas de información coas familias: reunión de principio de curso, participación no Consello Escolar, a través de entrevistas individuais

- Elaboración dun tríptico coa información relativa á existencia deste Plan
- Fomento da comunicación intercentros mediante a participación en actividades conxuntas
- Participación en actividades complementarias e extraescolares que completen unha formación íntegra do alumnado
- Partindo de que na hora do recreo, e dado que neste período o alumnado vese máis independente e máis liberado da supervisión dun profesor, é onde se incrementan os abusos sobre alumnado rexeitado, onde se recorre aos insultos para resolver diferencias, etc. Por tal motivo pensamos que é fundamental fixar unhas normas básicas:
 1. O profesorado atenderá os conflitos que poidan xurdir actuando como mediador/a dos mesmos cando teñan fácil solución. Se non fose así comunicarallo ao titor/a para que o resolva
 2. Adicaranse, de ser necesario, uns minutos despois dos recreos a dialogar sobre aspectos do recreo; con quen xogan, se observan accións inxustas e reiteradas, etc..
- Aposta educativa do centro pola resolución pacífica e dialogada dos conflitos e polo sistema da mediación escolar. Esta mediación poderíamola denominar como informal, dirixida inicialmente polo titor/a ou por calquera mestre/a do centro
- Establecemento dunhas pautas de mediación coñecidas e aceptadas por todo o profesorado, xa que non determinamos un equipo de mediación ou designaremos unha persoa. Entendemos que a mediación debe ser un proceso habitual na resolución de conflitos no noso centro. As situacións de conflito serán coñecidas polo equipo directivo.
- Medidas ante diferentes conflitos:
 1. Eliminar do problema a carga negativa co fin de afrontalo da forma máis relaxada e despersonalizada posible: sen berros, acusacións, sarcasmo..., cun tono de voz pausado, baixo e o máis relaxado posible

10.9 NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

O Colexio establece unhas normas que facilitan a convivencia e a organización do traballo nas diferentes dependencias do centro. As familias deben coñecelas e respectalas para contribuír ao normal desenvolvemento da vida escolar. Estas normas, que o centro establece dentro da súa autonomía, baseáanse no establecido na diversa lexislación vixente, e concretan aspectos prácticos do quefacer diario na nosa labor educativa.

NORMAS XERAIS SOBRE ASPECTOS ADMINISTRATIVOS

- É importante **prestar atención ás notificacións** que se mandan desde o colexio. Estas notificacións poden implicar cambios nos horarios, asistencia

a actividades complementarias, información sobre becas/axudas escolares ou avisos importantes para as familias. Ao comezo de curso facilitáreselles a todas as familias un calendario escolar coas datas das vacacións escolares, así como os festivais do noso centro.

- Calquera **cambio, en relación cos datos, ou situación familiar** dos nenos e nenas que se produza ao longo do curso deberá ser comunicado na secretaría do centro.
- En caso de producirse **cambios na custodia legal** dos nenos/as, é obriga das familias trasladar esta información ao centro.
- En caso de existir unha **custodia compartida**, o proxenitor/a que non ostenta a custodia ten dereito a recibir toda a **información** relativa ao proceso educativo do seu fillo/a. Para ter acceso a esta información, deberá **entregar unha solicitude** no centro educativo. A información que o centro traslade ao proxenitor/a que non ostente a custodia, farase seguindo estas directrices:
 - Con carácter xeral, as comunicacións verbais faranse nas **horas de titoría** do mestre/a titor/a do alumno/a e de xeito **presencial**. Se non fose posible, a dirección do centro educativo poderá arbitrar outro xeito de comunicación, como a información telefónica, tendo en conta as circunstancias persoais e laborais do proxenitor/a que non ten a custodia.
 - A entrega do **boletín trimestral de notas** farase, con carácter xeral, a través do alumno/a, mandando dous boletíns, un para cada proxenitor/a. Se o proxenitor/a que non ten a custodia así o solicita, deixarase a súa copia na secretaría do centro, para a súa recollida en persoa polo interesado/a. Este boletín trimestral de notas, tamén se poderá consultar a través da aplicación informática Abalar Móbil, dispoñible para todas as familias en dispositivos móbiles como teléfonos ou tablets.
 - No caso de **notificacións que se produzan ao longo do curso** (como excursións ou actividades puntuais), só se mandará unha comunicación por familia, destinada ao proxenitor/a que ten a custodia. Estas notificacións afectan a aspectos da vida diaria, polo que solo se informará ao proxenitor/a que teña concedida a garda e custodia do alumno/a.
 - Ao comezo de curso, entregáraselle a cada proxenitor/a un **calendario escolar** coas datas de vacacións escolares e dos festivais do noso centro.
- Cando haxa unha actividade complementaria que implique unha **saída do centro escolar**, as familias deberán dar o seu consentimento.
- A **asistencia** á escola farase en horario completo evitando na medida do posible as ausencias sen xustificación.
- O **retrazo continuado na hora de entrada** considerarase como unha falta de asistencia non xustificada.
- Para xustificar calquera ausencia do alumnado en horario lectivo, a familia deberá **cumprimentar un impreso** que se facilita nas escolas.
- Cando unha nena ou neno non pode asistir ao centro a familia deberá notificalo, ben con antelación se a **ausencia** está prevista ou ben o antes posible, en caso de tratarse dun imprevisto.

- Cada familia facilitará ao centro escolar, no comezo do curso, unha listaxe de persoas autorizadas para a **recollida** do seu fillo/a. A recollida debe de producirse no horario establecido como remate do horario lectivo, as 14:30 de cada xornada escolar, ou ben, no caso de actividades complementarias ou festividades no horario comunicado polo centro ás familias. No caso de retrasos reiterados na recollida do alumno/a, poderase dar parte ás autoridades competentes, segundo o disposto na lexislación vixente (Instrucción 9/2017 Secretaría Xeral Técnica).
- Cada familia manifestará ao centro escolar, no comezo do curso, a súa autorización ou denegación para **o uso da imaxe** do seu fillo/a, por parte do profesorado do centro.

NORMAS DE CUMPRIMENTO DIARIO

- Non se admitirá ningún neno/a con **pañal**, a non ser que padeza algunha minusvalía. As familias serán as responsables de solucionar os incidentes que se produzan en relación co control de esfínteres, unha vez que o centro os comunique. **No colexio non se mudan os nenos/as**
- As **entradas e saídas** faranse no horario establecido.
- Nas **entradas** as nenas e nenos agardan diante do edificio e entran neste, **acompañados unicamente do profesorado**.
- En Educación Infantil somos conscientes da necesidade dunha coordinación e cooperación entre a familia e a escola que permita que non se produzan contradicións entre os dous ámbitos nos que as nenas e nenos se desenvolven. As familias teñen a oportunidade a través da **hora de titoría** de facilitar esa comunicación imprescindible, así como de presentar todas aquelas dúbidas e problemáticas, relacionadas coa educación dos seus fillos e fillas, que consideren oportunas. A fin de poder organizar as entrevistas e recoller datos do profesorado que intervén na aula, as familias solicitarán cita previa a través do teléfono do colexio ou ben cunha notificación por escrito.
- A **roupa** deberá estar **marcada** co nome e apelidos do neno/a. Resulta imposible recoñecer a roupa de todo o alumnado de Educación Infantil, e por tanto non nos facemos responsables do que non estea marcado debidamente. A roupa que empregan as nenas e nenos para vir ao colexio debe ser cómoda e de fácil manexo para eles/as. Tirantes, cintos, lazos e broches complexos ocasionan moitos problemas que poden e deben ser evitados.
- O **calzado** debe reunir as condicións necesarias para que as nenas e nenos podan desenvolverse con autonomía polo colexio en condicións de seguridade. Os cordóns, son un perigo e unha incomodidade que non deberían padecer. Recomendamos que o calzado deportivo sexa de velcro e as botas, zapatos, etc de cremalleira ou goma.
- Non deberán traer **obxectos de valor** (aneis, cadeas, medallas...) así como xoguets que se podan romper con facilidade. O centro non se responsabiliza do deterioro ou perda dos mesmos.
- En ningún caso se enviará un neno ou nena ao colexio se está **enfermo** ou se sospeita que pode estalo ao longo do día.

- Cando un neno/a se enferma no horario escolar o centro porase en contacto coa familia para que esta se faga cargo.
- Calquera tipo de **alerxia, ou particularidade** que se considere de interese deberá ser notificado á titora correspondente.
- As “**merendas**” que habitualmente se traen para tomar a media mañá serán de fácil manexo polos propios nenos e nenas e en ningún caso se utilizarán envases de vidro ou materiais potencialmente perigosos.
- Aconsellamos **evitar as mochilas de rodas** porque dificultan moito a marcha cando se desprazan polo centro nas saídas e entradas. Unha mochila boa é aquela que, polo seu tamaño, permite traer e levar a casa e ao colexio un conto, o caderno de comunicacións familia-escola, un pequeno xoguete e algo para “merendar” a media mañá. Tamén aconsellamos que teña un sistema de apertura e peche que as nenas e nenos podan controlar sen axuda.
- O **material** que se solicita desde as titorías debe axustarse absolutamente ao indicado na listaxe que se proporciona. Calquera dúbida en torno a este apartado debe consultarse co profesorado.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PROFESORADO

Cada mestre/a desenvolverá o seu horario docente segundo o disposto pola dirección do centro.

Debe de extremarse o coidado no cumprimento de horarios, sobre todo cando haxa itinerancias ao long da mañá.

En caso de que falte algún mestre/a, as substitucións serán organizadas pola dirección do centro, considerando, nun primeiro lugar a atención docente ao alumnado, e, nun segundo lugar os desprazamentos do profesorado.

As coordinacións de ciclo (Ed. Infantil) e de nivel (ED. Primaria), así como as dinamizacións serán asignadas en Claustro, de xeito consensuado. En caso de discrepancia, a dirección do centro, no exercicio das súas funcións, asignará estes cargos.

10.10 DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

- Unha vez elaborado o Plan será entregado á totalidade da comunidade educativa: ao profesorado para debatilo e aprobalo, de se-lo caso, nunha reunión do Claustro, ó Consello Escolar e aos pais e nais
- Ao finalizar cada trimestre, valorarase o traballo realizado ata o momento na comisión de coordinación pedagóxica, informando dos resultados á Comisión de Convivencia
- Reunións trimestrais da Comisión de Convivencia
- Avaliación final ao rematar o curso constatando a consecución ou non dos obxectivos marcados ao iniciar o curso.
- Propostas de mellora e novos retos.

11. Atención educativa ao alumnado que non opte por relixión.

PLAN ACTIVIDADES ALTERNATIVAS A RELIXIÓN

1. INTRODUCCIÓN.

Nesta programación das actividades alternativas a relixión pretendemos conectar coa Educación en Valores un factor clave dentro da calidade da ensinanza. Queremos que o noso alumnado se comprometa coa paz, a liberdade, a solidariedade, a igualdade e a tolerancia.

Imos asentir esta programación na convivencia e o diálogo. Pretendemos que os/as alumnos/as fagan un esforzo por contribuir a un mundo máis xusto e democrático.

Traballaremos co reforzo positivo e a motivación activa e constante.

2. ALUMNADO.

Actualmente contamos con algún alumno ou alumna que escolleu esta opción formativa, todos eles na etapa de infantil. Todo o alumnado de primaria escolleu relixión católica. Coa entrada en vigor do decreto 105/2014, e xa que hai un currículo específico da área de Valores Sociais e Cívicos, en caso de que algún alumno de primaria optase por non cursar relixión, seguiríase o currículo establecido para esa área no Decreto 105/2014.

3. METODOLOXÍA.

Temos ante nós unha dobre *finalidade pedagóxica*.

- Queremos desenvolver un proceso específico de Educación en Valores e actitudes persoais a partir da realidade que os alumnos/as viven e da problemática que se reflicte na súa vida cotiá, aproveitando as aprendizaxes que van realizando nas diferentes áreas curriculares. Tal e como se aprecia no obxectivo xeral do currículo: "Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática".
- Aproximar contidos curriculares básicos das áreas á vida cotiá, é dicir, darlles un valor funcional ou de aplicación inmediata ó descubrimento e a interpretación da realidade e dos problemas sociais, e ó proceso de interiorización dos valores a partir da reflexión sobre as experiencias persoais dos alumnos e as alumnas. Tal como nos indican as competencias básicas de primaria.

Estas dúas finalidades confluen no obxectivo principal que perseguimos: “Que os/as alumnos/as, a partir da percepción e do coñecemento, cada vez máis consciente, da súa realidade e dos problemas e os conflitos que os rodean: “Descubran, aprecien e interioricen os valores básicos para a vida e para a convivencia e realicen, no desenvolvemento da súa personalidade, unha progresiva adquisición de actitudes e de normas morais que se fundamentarán e serán coherentes cos valores descubertos”.

Por todo o anterior, a nosa programación desenvólvese a través dunha serie de propostas didácticas (Proxectos de Traballo globalizados) nas que o alumnado, utiliza e aplica o coñecemento da súa realidade e á resolución dos problemas ou conflitos sociais, as capacidades e os coñecementos que, neses momentos, adquiriran nas áreas.

En cada un destes **Proxectos de Traballo** formúlase un proceso de aprendizaxe eminentemente activo e participativo; proceso que tenderá a favorecer e potenciar, en todo momento, canles de expresión, de diálogo e de comunicación interpersoal, sempre desenvolvidos baixo o enfoque do «aprendizaxe por descubrimento». As experiencias de aula serán marcadas polo profesorado en función das motivacións e intereses do alumnado.

Neste contexto, os materiais e as técnicas sobre as que se constrúen os Proxectos de Traballo propostos son dinámicos e pretos ó mundo perceptivo dos alumnos e as alumnas, sendo habitual, en case todos eles, a utilización de noticias, publicidade, cancións, contos, poemas, cómics, entrevistas, enquisas...

Tendo en conta o anterior seguiremos as seguintes *orientacións*:

- Propoñeremos proxectos de traballo en momentos clave da actividade escolar.
- Os proxectos vincularanse a área de coñecemento do medio cultural, social e natural.
- Partiremos das experiencias e descubrimentos do alumnado.
- En cada proxecto propoñeremos un obxectivo central e dende alí desenvolveremos o entramado de valores que teñen. Sintetizaremos e axudaremos a apreciar, integrar e ver o sistema de valores, normas e actitudes morais básicas que temos para a vida e a convivencia.
- Queremos dinamismo e participación na aula para desenvolver a investigación activa grupal.

O material que imos a utilizar serán:

- Traballos sobre papel elaboradas pola mestra.
- Láminas.
- Debuxos.
- Libros de contos.
- E aquel material alternativo que consideremos oportuno para a consecución dos obxectivos propostos.

4. PROXECTOS DE TRABALLO

1. QUE FELIZ SON!

Obxectivos:

- Valorar o propio corpo e o dos demais.
- Identificar accións e experiencias propias de etapas evolutivas anteriores.
- Tomar conciencia dos avances e dos logros persoais conseguidos co paso dos anos, os cales nos proporcionan independencia e autonomía persoal.
- Experimentar e expresar a ledicia que nos produce descubrir e sentir como o noso corpo medra como, a través do seu crecemento, se desenvolven e medran as nosas posibilidades corporais.
- Descubrir os sentidos como fontes de expresión e de comunicación interpersoal.
- Expresar a alegría e a felicidade que nos proporciona o descubrimento positivo da nosa realidade corporal.

Desenvolvemento do proxecto:

Neste Proxecto de Traballo conectamos co proceso de descubrimento que os alumnos e as alumnas están desenvolvendo o redor das súas **posibilidades corporais**. Incidimos nel, de maneira moi especial, na toma de conciencia dos progresos que os nenos/as puideron ir realizando e experimentando ó longo dos anos pasados, é dicir, desde que eran bebés ata o momento actual, no que inician a Educación Primaria.

Como obxectivo fundamental, ó longo deste Proxecto propoñémonos que os nenos/as tomen conciencia dos logros persoais que conseguiron co paso dos anos, para que, desde ahí:

- Sexan capaces de valorar satisfactoriamente as súas novas posibilidades corporais de relación, de expresión e de acción.
- Afiancen o proceso que están iniciando cara a súa autonomía persoal.
- Se abran con confianza cara o futuro: «*Somos felices porque na medida en que vamos crecendo podemos facer máis cousas e porque cada vez*

podemos disfrutar moito máis da vida grazas as nosas posibilidades corporais.»

Este proxecto conecta co bloque temático: O ser humano e a saúde: Imaxe global do corpo. O corpo e as súas partes. Os sentidos. As accións e posibilidades corporais.

2. QUÉROTE!

Obxectivos:

- Descubrir e interiorizar o valor do cariño como un dos valores básicos que as persoas necesitamos para poder vivir.
- Identificar e valorar os pequenos xestos da vida cotiá a través dos cales recibimos, e podemos expresar, a tenrura.
- Valorar a familia, a escola e a parroquia como ámbitos nos cales podemos relacionarnos con outras persoas e expresar o noso afecto e a nosa amizade.
- Coñecer e experimentar as posibilidades que podemos desenvolver a través do exercicio da afectividade.
- Recoñecer diferentes formas a través das cales podemos expresar e comunicar a nosa afectividade e os nosos sentimentos: bicos, caricias, abrazos, sorrisos e mimos.
- Interiorizar as nosas posibilidades de cariño e de afectividade como un dos máis bonitos agasallos que as persoas podemos recibir.

Desenvolvemento do proxecto:

Neste segundo Proxecto de Traballo partimos da necesidade do **cariño** e da **tenrura** coma unha necesidade básica que todas as persoas experimentamos ante eses dous elementos que nos resultan imprescindibles, especialmente nos primeiros anos da vida, para poder desenvolvernos plenamente como persoas.

Ó longo deste Proxecto, os alumnos e as alumnas van a poder descubrir e interiorizar diferentes xestos ou expresións cotiás de cariño que caracterizan a convivencia no ámbito familiar e que, igualmente, se manifestan nas súas relacións dentro da aldea e na escola.

Xestos de cariño e de tenrura que nos dan seguridade e que nos fan vivir felices, optimistas e confiados.

Este descubrimento, a súa vez, dentro do proceso de aprendizaxe que propoñemos, xurde como unha invitación ó agradecemento polo cariño que recibimos e á expresión do noso cariño cara as persoas que nos rodean.

Este proxecto conecta co bloque temático: O paso do tempo: A familia. Formas concretas de relación e convivencia. O respecto, o cariño e a tenrura nas nosas relacións cotiás.

3. MIRA E VERÁS

Obxectivos:

- Recoñecer e valorar os xestos positivos de cariño, de amizade e de axuda que as persoas somos capaces de protagonizar na vida cotiá.
- Descubrir e valorar as manifestacións de beleza e alegría que se producen o noso arredor.
- Potenciar e desenvolver as capacidades afectivas nas relacións que establecemos día a día coas persoas máis cercanas.
- Identificar a rúa e/ou o barrio como lugares nos que nos relacionamos, convivimos, necesitámonos e nos axudamos mutuamente.
- Tomar conciencia de que todos e todas podemos contribuír a mellorar a convivencia a través do exercicio das nosas posibilidades de dar alegría, cariño, axuda e amizade.
- Descubrir o significado da amabilidade como un valor imprescindible para relacionarnos cos e coas demais.

Desenvolvemento do proxecto:

Neste terceiro Proxecto de Traballo conecta coa experiencia que supón o descubrimento da **rúa** e do **barrio** como lugares de encontro onde as persoas nos relacionamos, convivimos e podemos axudarnos.

Nese contexto, imos facer tomar conciencia os/as nenos/as de todos aqueles pequenos **xestos** cotiás que xorden o noso arredor e que con frecuencia nos pasan inadvertidos. Pequenos xestos cargados de tenrura, cariño e amizade e que fan que a convivencia entre as persoas poida ser cada vez máis feliz, agradable, alegre e solidaria.

No Proxecto facemos fincapé igualmente nos xestos sinxelos, que os nenos/as poidan realizar e que supón unha participación positiva para mellorar a convivencia.

A través de todos estes descubrimentos propuxémonos, como obxectivo principal, que os alumnos/as descubran a amabilidade como unha forma de vivir, de sentir e de comportarse que favorece a armonía, é dicir, a creación de ámbitos de beleza e de alegría compartida.

Este proxecto conecta co bloque temático: A vida en sociedade: A localidade e a rúa. Normas básicas de convivencia cidadá.

4. BOAS NOVAS

Obxectivos:

- Espertar o interese e a sensibilidade para descubrir e sentir a beleza e a armonía da natureza.
- Aprender a disfrutar da natureza e de todo o que ela nos ofrece de forma cotiá.
- Potenciar o desenvolvemento de unha actitude de responsabilidade cara a protección, a conservación e a mellora do medio ambiente.
- Descubrir as accións positivas que podemos desenvolver para favorecer a conservación e a mellora do noso medio ambiente e, igualmente, as que debemos evitar porque o prexudican ou o empobrecen.

Desenvolvemento do proxecto:

Este Proxecto de Traballo supón un paso máis no proceso de descubrimento que os alumnos/as veñen desenvolvendo sobre o seu entorno máis próximo; neste caso, referido á **natureza**.

Como punto de partida, propoñemos que os/as nenos/as vivan unha aproximación afectiva cara o seu ámbito natural, descubrindo en el a beleza, o equilibrio e a armonía; aproximación afectiva que desenvolvemos a través da creación dunha serie de situacións imaxinativas ou fantásticas nas que os elementos da natureza cobran vida, exprésanse e comunícanse entre sí.

A partir desa conexión simbólica e afectiva coa natureza, os alumnos e as alumnas aprenderán a disfrutar con todo o que os rodea e desenvolverán no

seu interior actitudes positivas de coidado e de protección cara o medio natural no que viven. Trátase, en sínteses, de descubrir e de sentir a natureza como un ben que nos fai felices e que debemos conservar, protexer e mellorar.

Este proxecto conecta co bloque temático: O medio físico: A paisaxe e os seres vivos. As plantas e os animais como seres vivos. O respecto e o coidado cara os seres vivos.

5. FANTASÍA FANTÁSTICA

Obxectivos:

- Valorar e potenciar as posibilidades imaxinativas e o xogo creativo e simbólico da fantasía.
- Descubrir e desenvolver a capacidade de soñar como unha das nosas capacidades humanas máis valiosas e importantes.
- Superar as situacións de medo e de temor afianzando as experiencias persoais de seguridade e de confianza.
- Desenvolver as capacidades afectivas e, en especial, a sensibilidade.

Desenvolvemento do proxecto:

Neste quinto Proxecto de Traballo imos a plantexar, como obxectivo prioritario, potenciar nos nenos/as o desenvolvemento e a posta en xogo das súas posibilidades para a **imaxinación** e a **fantasía**; posibilidades que consideramos esenciais dado que constitúen a base ou fundamento sobre os que van a poder ir construíndo as súas capacidades de soñar e de proxectar o seu futuro con ilusión e con confianza.

Este desenvolvemento da imaxinación e da fantasía plantéxase, nesta ocasión, a través dunha imaxe simbólica: unha alfombra máxica á que chamamos FANTASÍA FANTÁSTICA. Vai a representar, ó longo de todo o Proxecto, esa capacidade de soñar que todas as persoas posuímos no noso interior e a través da cal podemos imaxinar o futuro, confiar nel e apostar decidida e responsablemente para poder ir facéndoo realidade.

Ó mesmo tempo, en íntima vinculación co plantexamento anterior, ó longo do Proxecto de Traballo imos a plantexarnos tamén ofrecer ós/as alumnos/as unha experiencia positiva e estimulante que lles axude a afrontar e a superar as situacións, que a veces experimentan, de medo e de inseguridade, sobre todo durante a noite, cando escurece e se senten solos. Pretendemos que a presenza e la compañía simbólica de Fantasía Fantástica sexa para os/as alumnos/as unha estupenda receita coa que espantar o medo, enchendo a noite de soños e de cores.

Este proxecto conecta co bloque temático: O medio físico. A paisaxe. A noite.

6. MANS A OBRA

Obxectivos:

- Descubrir e valorar o mundo da arte en todas as súas manifestacións, e o traballo que desenvolven os e as artistas.
- Valorar a dedicación, a ilusión e o esforzo que supón a creación artística.
- Descubrir a importancia e a necesidade da arte na nosa vida cotiá.
- Estimular e potenciar a creación artística nun clima de liberdade e de espontaneidade.
- Aprender a contemplar, a sentir e a gozar das obras de arte.

Desenvolvemento do proxecto:

Plantexamos este Proxecto de Traballo en íntima conexión cos aprendizaxes y descubrimentos que os nenos/as están realizando sobre os oficios e as profesións dentro da Área de Coñecemento do Medio. A través del propoñemos, como obxectivo central, que os alumnos/as se acerquen ó mundo da **creación artística** valorándoo desde unha dobre perspectiva:

- En primeiro lugar, desde unha **perspectiva profesional**. O artista é un creador, pero é, á vez, un profesional que desenvolve un oficio ou unha tarefa creativa; tarefa que é fundamental, para todos/as nós, porque grazas a ela podemos disfrutar dun clima ou dunha atmosfera vital cheos de beleza, de imaxinación e de harmonía.

- En segundo lugar, desde a **perspectiva da creación**. A creación artística, en todas as súas modalidades (plástica, musical, literaria ou dramática), é unha das expresións máis fermosas da capacidade que as persoas posuímos para comunicar os nosos sentimentos e para crear beleza e harmonía o noso arredor; é, en consecuencia, unha das nosas accións máis dignas e máis importantes.

Nese mesmo contexto, ó longo do Proxecto, propoñemos tamén espertar e potenciar, nos alumnos/as, as súas posibilidades creativas; posibilidades que deben exercitar nun clima de liberdade.

Este proxecto conecta co bloque temático: Máquinas, aparellos e tecnoloxías: Poboación e actividades humanas. Oficios e profesións. A arte e a creación artística.

7. PAZ

Obxectivos:

- Descubrir e interiorizar os valores básicos que favorecen a construción da paz: perdón, axuda, cariño, alegría e solidariedade (compartir).
- Rexeitar a violencia en todo tipo de situacións e de conflitos.
- Tomar conciencia de que a paz é unha tarefa e unha experiencia que podemos construír e facer realidade co noso esforzo e colaboración cotiá.
- Descubrir e experimentar a amizade como un valor imprescindible nas relacións interpersoais.
- Desenvolver a sensibilidade, a afectividade e a tenrura no descubrimento e no encontro coas persoas que nos rodean.
- Potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, en todas as nosas relacións cotiás.

Desenvolvemento do proxecto:

Neste último Proxecto de Traballo imos a centrar a experiencia e o proceso de aprendizaxe en torno ó descubrimento da necesidade e da importancia do valor da **paz**; valor que debemos desexar, construír e facer

realidade, entre todos, na globalidade do planeta e que, máis concretamente, podemos vivir e experimentar nas nosas relacións cotiás.

Nesta primeira aproximación ó valor da paz «positiva» imos a desenvolvela, como punto de partida, nun contexto narrativo e fantástico. Inicialmente presentamos ós alumnos/as unha máquina colorista e extraordinaria –en oposición ós tanques e ás armas– que é capaz de «facer a paz», alimentada coa enerxía do cariño, o perdón, o compartir, a axuda e a alegría.

A partir de aí, o obxectivo central que nos propoñemos neste Proxecto é que os/as nenos/as descubran os valores anteriores e os interioricen como os valores básicos que debemos vivir e que son imprescindibles para a construción dunha convivencia pacífica, harmónica e feliz. Neste sentido, é fundamental que os/as alumnos/as, xa desde a súa primeira infancia, sexan conscientes de que a paz é unha tarefa que se consegue día a día; tarefa da que todos, grandes e pequenos, somos artífices e responsables.

Este proxecto conecta co bloque temático: Máquinas, aparellos e tecnoloxías: Poboación e actividades humanas. A construción da paz. Máquinas e aparatos.

5. AVALIACIÓN.

Dentro do marco global desta programación trázase e desenvólvese un proceso de avaliación que pode ser enfocado desde unha dobre perspectiva:

- Unha avaliación, esencial e específica, no ámbito do desenvolvemento dos valores, as actitudes e as normas.
- E unha avaliación, paralela e complementaria, referida ás estratexias de traballo, ós procedementos e as competencias que os/as alumnos/as xa adquiriron a través do desenvolvemento das áreas e que agora deberán poñer en práctica ou aplicar a novas situacións de aprendizaxe plenamente significativas.

Tomando, pois, como referencia os principios anteriores, na nosa programación descartamos algunhas formas de entender a avaliación que, neste caso, referidas ós valores, non nos parecen axeitadas desde o punto de vista educativo.

- Consideramos que non é lícito avaliar os valores e as actitudes comparando os resultados dun/dunha alumno/a cos do resto da clase en función de

determinadas ou supostas normas estándar de asimilación, de expresión ou de rendemento. Os valores e as manifestacións das actitudes, que se derivan deles, son persoais, e, por tanto, non poden ser nin estandarizados nin comparables.

- Tampouco optamos por unha *avaliación puntual* ou de carácter definitivo en momentos concretos do proceso de aprendizaxe escolar. Partimos da base de que a formación e/ou o cambio de actitudes na personalidade dos alumnos/as responde a un proceso moi lento de integración persoal; un largo proceso no que ademais interveñen moi diversos factores e experiencias, moitos deles externos e alleos ó control ou ó seguimento por parte da propia intervención escolar.
- Menos aínda entendemos a avaliación dos valores e das actitudes como unha *avaliación sumativa* que se traduce nunha cualificación ou acreditación do grado de dominio alcanzado polo alumno/a. Sería completamente absurdo pensar en cualificar numericamente, ou con calquera outra clave, o grado de «solidariedade» ou de «tenrura» dun suxeito.
- Contrariamente a esas visións optamos por unha avaliación dos valores e das actitudes plantexada desde unha triple perspectiva:
- Una **avaliación criterial** con algunhas matizacións, é dicir, unha avaliación que parte duns valores mínimos e universais, que poden ser consensuados por toda a Comunidade Educativa, e que constitúen o punto de referencia para a elaboración duns criterios de observación, abertos e xerais, a partir dos cales farase posible a aproximación a unha progresiva valoración dos logros persoais.
- Este tipo de avaliación proporcionaranos algúns datos sobre o grado alcanzado por cada alumno/a respecto ós obxectivos ou ós criterios previamente fixados; criterios que, insistimos, deben ser o suficientemente abertos e xerais como para que poidan ser adaptados a todas as posibles variacións ou peculiaridades individuais.
- Una **avaliación continua**, especialmente apta neste caso dado que a formación de actitudes e a interiorización dos valores e das normas responden a uns procesos lentos e continuados; procesos que se prolongan en cada persoa ó longo de toda a vida segundo se van incorporando e procesando novos coñecementos e experiencias.
- E, finalmente, unha **avaliación formativa** que nos levará, a través da observación, á valoración de cada paso de dito proceso e que nos servirá, por unha parte, para poder informar ó alumno/a de cal é a súa situación en cada momento –estimulándoos sempre esperanzadamente para a superación persoal–, e, por outra, como referencia para a toma de decisións sobre os aspectos máis satisfactoriamente logrados, sobre aqueles nos que faría falla incidir novamente, ou sobre os que deberían reforzarse ou modificarse para mellorar a calidade e a eficacia da intervención educativa.

12. Plans de orientación e acción tutorial.

Plan de orientación

CONTIDO

1. Xustificación baseada no contexto
2. Obxectivos
3. Planificación xeral e definición de accións prioritarias
4. Estratexias de intervención
5. Criterios de avaliación do plan.

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Contexto socioeducativo.

Este Departamento de Orientación está constituído no CRA de OROSO. O **Colexio Rural Agrupado de Oroso** está integrado por catro unidades ubicadas en diferentes aldeas (Deixebre, Senra, Trasmonte e Vilacide), que atenden o alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria (agás Deixebre, que só conta con E.I.). A súa sede atópase na escola de Vilarromarís.

O CRA, sitúase preto dun núcleo de poboación de carácter semiurbán, nunha localidade de 3.000 habitantes e con variedade de servizos, a 15 Km. de Santiago. Trátase dunha localidade en expansión, con moita edificación nova,

que aumenta de ano en ano, posiblemente pola súa proximidade a áreas de traballo como o Aeroporto, o Polígono do Tambre (a Finsa), a TVG e Ordes.

En xeral, os pais/nais destas familias traballan fóra da aldea. A súa lingua predominante é o galego.

A meirande parte son parellas novas, con fillos e fillas pequenos, nas que traballan un ou os dous pais, de situación socioeconómica media.

Cada ano aumentan os núcleos familiares monoparentais, con pais separados, ou con segundas parellas.

Os principios educativos que inspiran a LOE definen claramente que todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade, nunha escola inclusiva e compensadora das diferenzas ou desigualdades. E nesa escola, que debe ser flexible e promotora de valores democráticos, a orientación educativa e profesional enténdese como un “medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (artigo1.f)

Podemos dicir que a orientación é un recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa, por posibilitar o coñecemento da realidade de cada quen e asesorar na posta a disposición de cada comunidade educativa daqueles medios ou recursos necesarios para que a atención á diversidade se realice dentro duns parámetros de calidade.

As intervencións especializadas propostas para ó alumnado con NEAE, realizaranse pola mestra de apoio ou pola mestra especialista en Audición e Linguaxe, e estarán coordinadas polo orientador do centro.

Contexto Lexislativo.

Os referentes legislativos, no ámbito da orientación, son o Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, que regulan a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as circulares das Direccións Xerais de Educación. A Circular 10/2010 dicta instrucións sobre as actividades prioritarias a traballar nos departamentos de orientación, que son as que nos marcarán este Plan Anual de Orientación.

Serán documentos de referencia a lei orgánica 2/2006 de Educación (LOE) e os Decretos legislativos que a desenvolven, así como a propia LOMCE, actualmente en proceso de aprobación.

Composición do Departamento.

Coordinadora de Educación Infantil : Raquel Garazo Ramos

Coordinadora do 1º ciclo de E.Primaria: Marta Descalzo de la Torre

Especialista en Audición e Linguaxe: Mª Cruz González Pérez

Director do CRA de Oroso: Javier Rivas Barcala

Xefe do Departamento de Orientación: Manuel Soutullo Couto

Proceso de elaboración do Plan de Orientación.

Este plan de orientación elabórase, a partir do marco legal anteriormente citado, e atendendo ás conclusións recollidas na Memoria DO do Departamento do curso anterior. As liñas de actuación programadas neste plan, parten dunha avaliación das necesidades detectadas a través de diferentes reunións de profesorado do CRA, establecendo deste xeito os obxectivos e actividades prioritarias que expoñemos a continuación.

2.- OBXECTIVOS

Obxectivos xerais.

a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, na procura dunha intervención educativa coherente.

b) Elaborar as propostas do Plan de Orientación que incidan no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado os materiais adecuados para o desenvolvemento da súa función titorial.

- Obxectivos en relación co profesorado

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para á atención á diversidade.
- Colaborar na dinamización dos programas de intervención do ANEAE.
- Coordinar as medidas de atención á diversidade co profesorado implicado.
- Informar ó profesorado dos materiais elaborados polo DO para facilitar a función titorial.
- Participar na elaboración e concreción dos datos persoais do alumnado para incluír no Xade.
- Colaborar co profesorado do CRA na implantación do Plan Acción Titorial.
- Colaborar co profesorado do CRA para a implantación do Protocolo de intervención ante alumnos/as con NEAE.

- Obxectivos en relación co alumnado

- Colaborar na identificación temperá de necesidades, e na prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas a partires da demanda do titor/a.
- Seguimento do alumnado con NEAE.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento para que o alumnado poida afrontar momentos escolares máis decisivos, como o ingreso no centro, e o cambio de etapa, así como a chegada de alumnado estranxeiro.

- Obxectivos en relación coas familias

- Contribuir á cooperación entre o centro e as familias.
- Asesorar ó profesorado titor na procura dunha maior implicación das familias nos procesos educativos dos seus fillos, nos aspectos que favorezan o seu desenvolvemento evolutivo.
- Informar ás familias das iniciativas do centro sobre aspectos puntuais na educación do alumnado.

3.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Organización xeral

A planificación xeral para desenvolver as actuacións prioritarias do departamento de orientación, concretaranse nas seguintes reunións:

- Reunión inicial no 1º Trimestre para **elaboración e aprobación do Plan de Orientación.**

- Reunión do 2º Trimestre para **participar no seguimento do Plan.**
- Reunión final no 3º Trimestre para **avaliar o plan de Orientación e elaborar a Memoria.**

Os membros do departamento reuniranse o primeiro **xoves** de cada mes. Nelas realizaranse as actividades propias do departamento, como se recolle nas funcións do DO e nas circulares da Dirección Xeral de Ordenación Educativa. Destas funcións do departamento entregaráselle copia a tódolos compoñentes do DO, xunto co Plan de Orientación a principio de curso.

O xefe do departamento exercerá as súas funcións no CEIP de Sigüeiro, reservando o xoves para atender as necesidades do CRA e as reunións de orientadores/as dos CRAs da comunidade autónoma.

Liñas prioritarias de actuación

As actuacións prioritarias serán as seguintes:

- Constitución do DO do CRA e elaboración do seu correspondente Plan de Orientación.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial do CRA.
- Levar a cabo o Protocolo de intervención ante os alumnos/as con NEAE.
- Colaborar na elaboración e concreción dos datos persoais do alumnado para incluír no XADE
- Propoñer e coordinar medidas de apoio educativo ó alumnado, avanzando na **prevención** tanto dos problemas de aprendizaxe como do **fracaso escolar.**

- Actuacións que teñan como obxecto mellorar a coordinación entre o profesorado titor e os especialistas na atención do alumnado con NEAE, con reunións do equipo docente cos profesionais implicados tanto do propio centro como dos servizos externos: Atención Temperá, etc.
- Participar nas reunións necesarias co equipo docente poara a mellora da intervención educativa.
- Facilitar ó profesorado os materiais elaborados polo DO para exercer a función titorial, e facilitar unha maior comunicación entre o profesorado e as familias.
- Colaborar na identificación temperá de necesidades do alumnado, e avaliar as dificultades na aprendizaxe.
- Propiciar a posta en práctica do Plan de Adaptación do alumnado do CRA para facilitar o seu tránsito á Etapa de Educación Primaria ou no seu caso ó segundo ciclo de Primaria.
- Coordinar a “Xornada de Convivencia” do alumnado do CEIP de Sigüeiro co alumnado do CRA de Oroso, para facilitar a posterior incorporación ó Centro.

4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Todas as intervencións realizadas desde este departamento, tanto as individuais (correspondentes ó orientador), como as grupais (correspondentes a todo o departamento), terán como principal finalidade **asesorar** ó profesorado naquelas actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.

O principal modelo de intervención é o modelo **colaborativo**, que parte dunha intervención non individualista, aberta á cooperación dos distintos profesionais que interveñen na actividade educativa, e implicando ás familias, favorecendo unha intervención contextualizada e consensuada.

Abordaremos conxuntamente o deseño dos programas de intervención do alumnado con NEAE. Para iso poderanse establecer reunións puntuais co equipo docente e a especialista en AL, para elaborar un programa de intervención e coordinar a atención do alumnado.

Realizaranse as reunións co profesorado e organismos implicados para coordinar:

- Reunións de orientadores dos CRAs.
- Entrevistas con profesionais que interveñen educativamente co alumnado do centro (Atención Temperá de Ordes e Santiago, psicóloga mancomunidade, psicólogos privados, Facultade de Psicoloxía, logopedas, Servizos Sociais do Concello,...)
- Coordinar a intervención educativa tendo en conta as informacións doutros profesionais: pediatra, traballadora social, unidade de saúde mental do hospital, educadora familiar...
- Achegar ó profesorado informacións para a posibilidade de participar en programas educativos.
- Entrevistas individuais coas familias.
- Entrevistas co profesorado (especialmente profesorado titor e especialista en AL).

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do PO é unha constante durante o curso escolar dentro do seguimento do plan que facemos, se ben hai momentos puntuais como son:

Avaliación inicial antes de comenar as actividades propias do programa, co obxecto de coñecer as necesidades educativas do contexto escolar, previa consulta ó profesorado.

Avaliación continúa mediante o seguimento do plan, coa finalidade de reaxustar a nosa intervención educativa ás necesidades do momento.

Avaliación final na que se valorará a consecución dos obxectivos propostos neste plan e se incluírá na Memoria.

Os criterios para a avaliación serán:

- Adecuación do plan de orientación ás necesidades reais dos centros.
- Valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Autovaloración do propio traballo.
- Revisión crítica das estratexias e recursos empregados.

Plan de acción tutorial

Introdución

Obxectivos titor/a-alumno/a

Obxectivos titor/a-equipo docente

Obxectivos titor/a-familias

Seguemento e avaliación do PAT

Introdución

A tutoría é inherente á función educadora, individual ou colectiva co grupo clase, para facilitar a integración persoal dos procesos de aprendizaxe. A acción tutorial pode definirse como *“o conxunto de acción educativas que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer ao alumnado na aprendizaxe, a integracións dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade”*.

A función tutorial pode realizarse de diferentes maneiras, a través de actividades organizadas en programación axustadas ás condicións particulares do alumnado. Cada titor/a debe de planificar as actividades titoriais que desenvolverá ao longo do curso cos seus alumnos/as. Esta planificación deberá contemplar as liñas de traballo aprobadas no Plan de Acción Tutorial (PAT).

Obxectivos titor/a-alumno/a

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TÉCNICAS	TEMPORALIZACIÓN
Facilitar a integración do alumnado.	Coñecemento e presentación do titor/alumnado/profesorado. Realización de actividades de acollida. Fomento da aceptación das diferencias individuais, evitando discriminacións.	Xogos de presentación. Diálogos. Uso dos espazos do centro.	Comezo de curso.
Coñecer as características individuais.	Averiguar os intereses do alumnado. Avaliación inicial. Análise das características do grupo de idade e das relacións internas. Revisión expedientes alumnado.	Observación. Diálogos. Entrevista co titor/a anterior. Lectura expedientes.	Comezo de curso.
Crear clima adecuado de aula.	Asamblea de aula sobre os comportamentos desexados por todos. Establecer rutinas e hábitos no grupo. Consensuar as normas e as consecuencias, escribilas e colocalas nun lugar visible.	Asamblea. Redacción e exposición de normas.	Comezo de curso. Ao longo do curso.
Dinamizar as actividades de aula que favorezan a comunicación e o traballo cooperativo para	Reparto de responsabilidades, elección de delegado, coa participación do grupo. Organizar grupos de traballo e actividades colaborativas.	Asamblea. Grupos de traballo.	Durante todo o curso.

mellorar a convivencia.	Dinámicas de grupos.		
Mellorar a competencia en comunicación lingüística.	Desenvolver a competencia como clave para a resolución pacífica de conflitos. Realizar actividades enfocadas a unha mellor expresión oral.	Asamblea. Diálogos. Debates. Comentarios.	Durante todo o curso.
Potenciar o gusto pola lectura. Mellorar a competencia lectoescritora.	Actividades de animación lectora. Actividades biblioteca e préstamo de libros. Lectura de imaxes en prensa e publicidade.	Selección de contos. Ranking do libro máis lido. Técnicas de escritura.	Durante todo o curso.
Estimular as capacidades de aprendizaxe, previndo e detectando as dificultades do alumnado e adaptando a acción educativa ás súas características.	Seguimento do grupo-clase. Valorar o rendemento individual e grupal. Desenvolver actividades de reforzo ou ampliación si son necesarias. Coordinación co equipo de orientación das medidas de apoio.	Motivación positiva. Actividades de aula. Avaliación continua. Charlas individuais. Entrevistas equipo orientación.	Durante todo o curso.
Potenciar no alumnado o desenvolvemento da capacidade de atención e reflexión.	Realizar xogos e actividades de atención e reflexión. Motivar e incentivar estas actitudes no alumnado.	Xogos de atención. Desenvolver estratexias de traballo axeitadas a cada materia. Recoñecemento	Durante todo o curso.

		público dos logros acadados.	
Orientar ó alumnado para rentabilizar o máximo posible o seu traballo. Crear hábitos de traballo.	Explicar a finalidade das actividades propostas. Personalizar actividades, atendendo á diversidade. Correxir as actividades de xeito individual ou grupal, evidenciando os logros acadados e os aspectos a mellorar.	Concreción de obxectivos. Ensino individualizado.	Durante todo o curso.
Favorecer a construción dunha imaxe positiva de sí mesmos, nun ambiente solidario e democrático, que permita actuar con autonomía e liberdade.	Realizar actividades de autoconñecemento. Fomentar a empatía no traballo diario. Facilitar a aprendizaxe cooperativa. Propoñer pautas de intervención democráticas. Aceptación da responsabilidade dos nosos actos.	Actividades de titoría. Debates. Conversas individuais.	Durante todo o curso.
Mellorar as Competencias básicas no uso das TIC	Uso do ordenador como recurso didáctico. Actividades curriculares coa pizarra dixital. Uso da internet como medio de comunicación.	Uso da aula de informática, PDI, biblioteca e ordenador de aula.	Durante todo o curso.
Desenvolver unha acción titorial permanente asociada ás competencias	Establecer unha relación cordial co alumnado. Intervir nas conductas negativas de xeito privado. Programar actividades de	Habilidades sociais. Desenvolvemento emocional.	Durante todo o curso.

básicas e ao desenvolvemento emocional.	aula que melloren a empatía e as relacións sociais.		
---	---	--	--

Obxectivos titor/a-equipo docente

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TÉCNICAS	TEMPORALIZACIÓN
Recoller e aportar información co resto do profesorado.	Intercambio de información, análise e valoración. Informar ao equipo docente de toda a información de interese para o traballo docente, avaliador e de orientación	Reunión equipo docente. Análise de casos. Entrevista inicial (ed. Infantil)	Ao comezo e durante todo o curso.
Coordinar o axuste das programacións.	Revisión de obxectivos. Formulación de obxectivos mínimos para a promoción. Coordinación co profesorado especialista e ante as dificultades de aprendizaxe detectadas.	PE e PD. Programacións aula. Reunións de ciclos.	Ao comezo e durante todo o curso.
Informar e coordinar co equipo de orientación das dificultades detectadas.	Informar ao DO das dificultades detectadas, despois dun período de observación. Coordinar co profesorado de apoio e DO o plan de	Reunión co DO e o profesorado de apoio.	Cando sexa preciso.

	intervención, así como o seu seguemento.		
Coordinar o proceso de avaliación do alumnado.	Preparación , coordinación e moderación das sesión de avaliación. Realización e cumprimentación de rexistros grupais cos datos de cada alumno, para sacar conclusións e diseñar novas estratexias de intervención.	Sesións de avaliación.	Trimestralmente.

Obxectivos titor/familias

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TÉCNICAS	TEMPORALIZACIÓN
Recoller información	Recollida de datos, opinión, intereses...	Entrevistas individuais. Enquisas	Comezo de curso. Ao longo do curso.
Informar e asesorar ás familias.	Información na 1ª reunión do curso: profesorado, horarios, obxectivos, normas, avaliación... Información sobre a evolución do alumno/a. Colaboración das familias co centro.	Reunións. Entrevistas.	Ao longo do curso.
Contribuir ao establecemento de relación fluidas entre as	Transmitir a importancia da comunicación escola-familia.	Reunión e entrevistas.	Ao longo do curso.

familias e o centro.	Colaboración centro-familia		
Implicar ás familias en actividades de aprendizaxe ou apoio do seu fillo/a.	<p>Buscar colaboración no traballo de hábitos de autonomía.</p> <p>Recomendacións osbre actitudes positivas cara aos nenos/as.</p> <p>Recomendacións sobre actividades a desenvolver en casa: lectura, fala....</p>	Reunión e entrevistas.	Ao longo do curso.

Seguemento e avaliación do PAT

Esta valoración nos indicará si a intervención titorial foi adecuada ou pode ser susceptible dalgunha modificación para mellorar a acción educativa.

Reflexionaremos sobre:

Labor da Administración educativa:

Tempo de adicación á labor titorial.

Formación do profesorado o ámbito da acción titorial.

Labor de Centro:

Contextualización do PAT no Porxecto Educativo.

Inclusión na PXA das fórmulas organizativas que fagan viable a labor titorial.

Avaliación continua da activiade titorial, para incidir na súa mellora.

Implicación do equipo docente.

Labor de profesorado:

Asumir a formación adaptada ás necesidades.

Disposición e organización do tempo, para a intervención titorial.

Actitude persoal facilitadora da relación co alumnado.

Os criterios para avaliar o PAT serán:

- Eficacia
- Eficiencia
- Satisfactoriedade
- Suficiencia
- Pertinencia
- Coherencia
- Obxectividade
- Funcionalidade

13. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

Segundo as orientacións da Consellería de Educación (28 de xaneiro do 2009) sobre como elaborar unha programación docente de ciclo, esta incluírá os seguintes aspectos:

- A contribución de cada materia ao logro das competencias básicas.
- Os obxectivos establecidos para cada ciclo.
- Os contidos, secuencia e temporalización.
- Os criterios de avaliación, relacionados coas competencias básicas.
- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- Os criterios de cualificación.
- A especificación de mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.
- As medidas de atención á diversidade.
- O programa de reforzo para recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- As accións previstas de acordo co Proxecto lector.
- As accións previstas de acordo co Plan de integración das TIC.
- Os criterios para avaliar a propia programación.

Na Orde do 22 de xullo de 1997, que regula aspectos de organización e funcionamento dos centros de Educación Infantil e Primaria, establécese que a Programación de Actividades e Tarefas (PAT) corresponde ao profesorado e debe incluír: "os obxectivos didácticos, as unidades de contido, a temporalización, as estratexias didácticas, as actividades, os recursos e os criterios concretos de avaliación".

14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- OBXECTO E OBXECTIVOS
- ÁMBITO DE APLICACIÓN
- FUNCIONS MEMBROS COMUNIDADE EDUCATIVA
- DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE
- INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS
- INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN
- DETECCION E ALERTA
- NOTIFICACIÓN DE EMERXENCIAS
- PAUTAS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS COMÚNS
- EVACUACIÓN
- CONFINAMENTO
- PRIMEIRAS AXUDAS NO CASO DE FERIDOS
- PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS

OBXECTO E OBXECTIVOS

O presente Plan de Autoprotección ten por obxecto previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar unha resposta axeitada as posibles situacións de emerxencia. CRA de Oroso organiza os medios humanos e materiais dispoñibles no seu edificio para alcanzar unhas condicións de seguridade óptimas no centro de traballo coa finalidade de:

- Protexer as persoas.
- Minimizar as consecuencias no medio ambiente e os bens (equipos, instalacións, edificios).
- Alertar ós servizos públicos ou privados de socorro.
- Informar ás autoridades competentes.
- Adestrar ó persoal programando ensaios e simulacros de emerxencia; incrementar e mellorar os medios materiais dispoñibles.
- Restaurar a normalidade na instalación e manter a operatividade das instalacións.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do Plan de Autoprotección son as plantas do edificio e os seus lindeiros, paisaxe urbano e persoas físicas (traballadores, alumnos, visitantes....).

Este Plan de Autoprotección e de obrigado coñecemento e cumprimento polo persoal do CRA de Oroso, que tratará de interpretalo e aplicalo coa máxima

eficacia, flexibilidade e colaboración, co fin de minimizar os efectos dos accidentes.

FUNCIÓNS MEMBROS COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o personal docente do CRA de Oroso constitúe o equipo de Emerxencias, actuando como máximo responsable e coordinador o director do centro. As competencias de cada membro da comunidade educativa son:

INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA O DIRECTOR:

No caso de accidente ou emerxencia:

- Atender o ferido.
- Avisar unha ambulancia, cando sexa necesario.
- Informar do suceso os familiares do ferido.

Se detecta un incendio

- Recibir a información e valorar o risco.
- Ordenar que se emita a sinal de alarma.
- Recibir e informar as axudas externas.
- Informar do lugar, tempo transcorrido.
- Ordenar a evacuación.
- Colaborar na dirección do control da emerxencia.
- Recibir información dos profesores implicados na emerxencia.
- Redactar un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.

INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA PROFESORES:

Os profesores serán responsable da evacuación do grupo que se atope ó seu cargo no momento da emerxencia.

No caso de accidente ou emerxencia:

- Preste asistencia o ferido.
- Avalíe a lesión e informe a dirección.
- Prepare o traslado do ferido se fora necesario.
- Acompañe ó ferido ao centro sanitario.
- Redactar un informe das causas, proceso e consecuencias.

Se detecta un incendio:

- Intentar extinguir o incendio, cos medios dispoñibles e sen correr riscos innecesarios.
- Informar a Dirección e esperar as súas ordes.

Se soa a alarma:

Estableza as instrucións que deba adoptar o seu grupo:

- Non recoller os obxectos persoais.
- Manterse xuntos e non adiantar a outros.
- Evacuar axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
- Non deterse xunto as portas de saída.
- Gardar orde e silencio, axudar os que teñan dificultades ou sufran caídas.
- Respetar o mobiliario, equipamento escolar e utilizar as portas co xeito de xiro para o que están previstas.
- No caso de obstáculos que dificulten a saída, apartaranse de xeito que no provoquen caídas.
- No volver atrás baixo ningún pretexto.
- Observar que os alumnos sigan as instrucións establecidas.
- Comprobe que a porta e as fiestras do aula se quedan pechadas.
- Sigue as instrucións do responsable de planta.
- Realice o recuento dos alumnos ó seu cargo no punto de reunión.
- Permaneza no punto de reunión ata recibir instrucións.

INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA ALUMNOS:

No caso de accidente ou emerxencia:

- Comunícao ao profesor mais próximo.
- Volta axiña a túa clase.

Se soa a alarma:

- Actúa sempre de acordo coas indicacións do teu profesor e en ningún caso sigas iniciativas propias.
- Se o teu profesor che encomendou funcións concretas, cúmpreas e colabora co profesor en manter o orde do grupo.
- No recoller os obxectos persoais, así evítase demoras e obstáculos innecesarios.
- Se ao sonar a alarma atópaste nos aseos ou noutro local anexo, na mesma planta da túa aula, incorpórate con toda presteza ao teu grupo.
- Se te atopas en planta distinta a da túa aula, incorpórate ao grupo mais próximo que se atope en movemento de saída.
- Realiza os movementos axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
- Non te deteñas xunto as portas de saída.
- Evacúa en silencio e con xeito do orde e axuda mutua, para evitar atropelos e lesións, axudando os que teñan dificultades ou sufran caídas.
- Respetar o mobiliario e equipamento escolar e utilizas portas co xeito de xiro para o que están previstas.
- Si na vía de evacuación existe algún obstáculo que dificulte a saída, apártao, se es posible, de xeito que non provoque caídas das persoas ou deterioro do obxecto.

- En ningún caso volvas atrás co pretexto de buscar a irmáns menores, amigos u obxectos persoais, etc.
- Permanecer no punto de reunión xunto ao responsable do grupo.
- Unha vez que se atopen no punto de reunión exterior, deberanse agrupar por clases e colocaranse en fila, detrás do seu profesor, de modo que sexa mais doado o reconto de persoal
- En todo caso, os grupos permanecerán sempre xuntos sen disgregarse nin adiantar a outros, incluso cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facer mais doado ao profesor o control dos alumnos.

DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE

No centro de traballo de **CRA de Oroso**, localizado en Oroso, nas parroquias de Deixebre, Senra, Trasmonte, Vilacide e Vilarromarís, a actividade desenvolvida obxecto do plan é de Escola de ensino para nenos de 3 a 8 anos. A todas as escolas unitarias se accede dende unha estrada nacional. Cada unha das escolas unitarias ten varias portas de entrada e saída, polo que, para un maior control do alumando solo se habilita unha porta como entrada e saída principal, deixando as outras portas como saídas de emerxencia.

Excepcionalmente, ao estar as aulas situadas na planta baixa das escolas, tamén se poderán usar as ventás como saídas de emerxencia. Como excepción está a aula de Educación Primaria de Vilacide, ao ser a única que está na planta superior, non poderá facer uso desta saída de emerxencia.

En todas as escolas existe un recinto pechado con muro e reixa metálica, con varias portas de entrada e saída.

INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS

No presente apartado analízanse e valoran cales son os elementos e instalacións susceptibles de provocar unha situación de emerxencia ou incidir desfavorablemente no desenvolvemento da mesma.

INSTALACIÓNS DE RISCO E SERVIZOS PROPIOS DA ACTIVIDADE

a) Instalación eléctrica

A subministración de enerxía eléctrica realízase en baixa tensión. Cada escola posúe un Cadro Xeral do edificio que distribúe ás zonas.

En caso dunha emerxencia de tipo eléctrico, cada escola conta con extintores e luces de emerxencia.

IDENTIFICACIÓN E INVENTARIO DE FACTORES DE RISCO, INTERNOS E EXTERNOS

Toda empresa, entidade ou persoa está sometida a situacións potenciais de perigo que poden desembocar nunha emerxencia. As distintas situacións

desencadenantes dunha emerxencia e da probable evacuación denomínanse “Factores de risco”.

Os Factores de Risco mencionados anteriormente pódense clasificar segundo a súa procedencia en:

a) Factores externos

Os factores externos pódense agrupar nas seguintes categorías:

Derivados de condicións naturais:

- ☒ Sismos
- ☒ Climatoloxía
- ☒ Inundacións

Derivados do entorno:

- ☒ Urbanos:
 - Fallos na subministración de enerxía eléctrica
 - Fallos na auga da rede pública
- ☒ Actividades antisociais:
 - Intrusión
 - Ameaza de bomba
 - Agresión e actos vandálicos

b) Factores internos

Os factores internos pódense agrupar nas seguintes categorías:

Derivados dos elementos construtivos que constitúen o edificio:

- ☒ Deseño do Edificio
- ☒ Obra Civil
- ☒ Materiais de construción
- ☒ Reformas posteriores a construción

Derivados das instalacións:

- ☒ Depósito de produtos inflamables.
- ☒ Operacións de carga/ descarga de produtos inflamables dende cisterna.
- ☒ Conducións.
- ☒ Equipos a presión: caldeiras,...
- ☒ Almacenamentos de material sólido e líquido.
- ☒ Electricidade.
- ☒ Mobiliario.

Derivados da actividade desenvolvida na instalación:

- ☒ Operacións de mantemento
- ☒ Distracción do persoal
- ☒ Tránsito de persoal
- ☒ Elevado número de persoas
- ☒ Etc.

Os factores de risco internos e/ou externos, poden provocar situacións de emerxencia e posteriores dificultades durante o desenvolvemento da evacuación.

INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN

No presente apartado enuméranse e describen cales son os elementos e medios de protección humanos e materiais que dispón o centro para enfrontarse a unha situación de emerxencia.

MEDIOS HUMANOS

Os medios humanos dispoñibles de CRA de Oroso para facer fronte a unha posible situación de emerxencia son os mestres/as do centro. Como o noso centro conta con profesorado compartido por outros centros, a distribución é a seguinte: 9 mestres/as de luns a mércores, 11 mestres/as os xoves e 10 mestres/as os venres.

MEDIOS MATERIAIS

En todas as escolas unitarias hai extintores de incendios e un botiquín de primeiros auxilios. Tamén se conta cun teléfono móbil por escola. Contamos tamén con luces de emerxencia.

En cada escola se conta tamén cun listado de teléfonos das familias do alumnado, e cunha fotocopia da tarxeta sanitaria de cada alumno/a, por si fose preciso a súa evacuación. Hai información visible do protocolo de actuación ante unha emerxencia en todas as escolas, cos números de teléfono dos servizos de emerxencias.

A revisión e mantemento dos equipos de emerxencia : extintores, luces e teléfono é responsabilidade do Concello de Oroso.

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIAS

Habitualmente, as consecuencias que se derivan dunha emerxencia son inversamente proporcionais a presteza e a eficacia na resposta. Canto antes sexa descuberta a situación de emerxencia mais posibilidades de éxito teremos en controlala.

Con obxecto de limitar no posible os danos sobre persoas, medio ambiente e instalacións, o Plan de Actuacións estruturarase segundo a seguinte secuencia básica de intervención:

1. Detectar axiña o suceso e transmitir a alarma

- Por percepción directa das persoas que estean na zona.
- Establecendo un Centro de Control da Emerxencia (Dirección) que reciba todos os avisos e mobilice os Equipos de resposta organizados no Plan.

2. Dende o Centro de Control da Emerxencia mobilizar inmediatamente o persoal de intervención

- Ao Xefe da Emerxencia.
- Ao Equipo de Intervención.
- Ao Equipo de Evacuación.

- Activación da alarma para mobilizar os Equipos.
- Os Medios de Axuda Exterior se a situación o require.

3. Realizar unha intervención eficaz sabendo en todo momento o que hai que facer

- Na extinción do incendio: coñecer a ubicación e o uso axeitado dos medios de protección dispostos ao efecto.
- No control das instalacións que poden influír no seu desenvolvemento: ventilación, electricidade, líquidos e gases combustibles.
- No confinamento da zona: impedir no posible a propagación do fume e as lapas a outras zonas non afectadas inicialmente pechando portas e fiestras e retirando posibles materiais que puideran avivar a combustión. Illar a zona supón evitar a entrada de osixeno que favorece o proceso de combustión e evitar a extensión do fume que facilita a propagación do lume e dificulta a evacuación dos ocupantes.
- Na recepción e información os Medios de Axuda Exterior mobilizados, para proceder ao rescate de persoas atrapadas se é precisa a intervención inmediata contra a situación de risco.
- Para o caso de ameaza de bomba inclúese procedemento específico.

4. Evacuar preventivamente ós ocupantes para asegurar a súa integridade física

- Na zona afectada, inmediatamente dirixida polo Equipo de Evacuación.
- Noutras zonas que puideran estar en perigo, organizada e dirixida polo Xefe da Emerxencia.

5. Restablecer os servizos de xeito seguro

- Finalización da situación de emerxencia.
- Información ao exterior.
- Valoración de danos e reposición de equipos utilizados.
- Retirada de residuos

DETECCION E ALERTA

Da forma mais rápida posible, a detección e alerta poñerá en acción ao organigrama de actuacións ante emerxencias.

O persoal existente nas instalacións do **CRA de Oroso** que detecte unha situación de emerxencia, debe dar a alarma ao resto do organigrama, para elo, a información a transmitir mediante viva voz ou teléfonos interiores, debe comprender:

Todo o persoal existente nas instalacións do CRA de Oroso pode potencialmente detectar unha situación de emerxencia, e polo tanto, deberá transmitir a alerta ao resto do organigrama, para elo poderá facelo polos seguintes medios:

- Alertar os compañeiros próximos a través de viva voz
- Avisar a dirección

Calquera das seguintes condicións pode ser considerada como unha posible situación de emerxencia e polo tanto, detectada e notificada ao Centro de Control de Emerxencias (CCE):

- Dano, real ou potencial as persoas, bens, instalacións ou medio ambiente.
- Diminución das condicións de seguridade nas instalacións.
- Calquera outro suceso susceptible de producir unha situación de emerxencia.

En resumen, o Plan de Autoprotección activarase en calquera das circunstancias seguintes:

- Cando se reciba unha alarma procedente de calquera parte da instalación.
- Cando se reciba notificación procedente dalgún organismo exterior.

NOTIFICACIÓN DE EMERXENCIAS

CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS GALICIA		112	
Dirección:	San Marcos s/n		
Poboación:	Santiago de Compostela	Fax:	981 541 414

PAUTAS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS COMÚNS

ACTUACIÓN ANTE DERRUBAMENTO DO EDIFICIO OU EXPLOSIÓN


Derrubamento ou explosión

1. Manteña a calma. Os membros dos Equipos de emerxencia deberán procurar que o persoal non caia no pánico colectivo, que agravaría a emerxencia.
2. Intentar que o persoal se mova axiña e con calma para saír do área.
3. Manter os ocupantes lonxe de fiestras e outras zonas que poidan romperse e caer sobre eles.
4. Se estiveran caendo obxectos, facer que os ocupantes se metan debaixo das mesas ou próximos os roncóns da dependencia.
5. Se hai un incendio, endegarse para evitar o fume e gases tóxicos.
6. Abandonado o edificio, dirixase con eles ao P.R.E.

Baixo os entullos

1. Evitar axitar o po.
2. Cubrir a boca cun trapo ou coa roupa.
3. Se dispón do mesmo, utilizar un teléfono móbil para facer mais doada a busca.
4. Se no se dispón del, golpear unha canalización ou unha parede para que os rescatadores poidan sentir.
5. Berrar só como último recurso (o berrar fai que se inhale unha perigosa cantidade de po).
6. Nunca tratar de rescatar a alguén que está dentro dun edificio derrubado. Iso require equipos especiais e habilidades que só teñen os equipos de emerxencia exteriores.

ACTUACIONES NO CASO DE INCENDIO



Trala detección da emerxencia e a alerta, o equipo de primeira intervención co Xefe da Emerxencia, valorará intentar apagar o incendio (no caso de tratarse dun conato) mediante o emprego dos medios de extinción dispoñibles (sen expoñerse).

No caso de que o lume supere a fase de conato, avisarase de inmediato as axudas externas e evacuarase a zona (Plan de Actuacións ante emerxencias) tendo en conta estas indicacións:

1. Se o incendio é detectado por un traballador, este deberao comunicar ao Xefe da Emerxencia e aos compañeiros mais próximos.
2. Procure manter a calma.
3. Intentar controlar o conato, sempre que sexa posible, cos medios dispoñibles.
4. Se non fora posible o control do sinistro evacuar inmediatamente e informar.
5. Non se entretaña recollendo obxectos persoais pois iso pode supoñer unha perda de tempo importante.
6. Proceda a pechar portas e fiestras para evitar o avivamento do lume e a propagación do fume a outras dependencias, cerciorándose antes de que no quedan mais persoas na zona.
7. O Xefe da Emerxencia comunicará a situación ao resto de Grupos.
8. Dende o Centro de Control da Emerxencia activarase a sinal de Evacuación do edificio (tres toques prolongados do timbre interior, en caso de que este non funcione comunicarase polas aulas).
9. Avisarán ós Servizos Públicos de Emerxencias 112 informándolles de toda información relativa a emerxencia.
10. Coordinar a evacuación dos posibles ocupantes do edificio cara o punto de Reunión Exterior.
11. Impedir a entrada de persoas non autorizadas.
12. Recibir os Servizos Públicos de Emerxencias informándolles da situación, e facilitándolles o Plan de Autoprotección do edificio, así como as chaves mestras de todo o edificio.
13. Se atópase cunha nube de fume salga rente do chan.
14. Se atópase atrapado, intente avisar da súa situación e envólvese con roupa mollada procurando permanecer nas zonas mais ventiladas.

ACTUACIÓNS NO CASO DE INUNDACIÓNS

Cando se detecte unha fuga que pode provocar a inundación dunha zona ou unha inundación declarada na ubicación que sexa procederese do seguinte xeito:

1. Avisarase ao Xefe da Emerxencia, o cal dará as primeiras instrucións e disporá do persoal que estime necesario.
2. Utilizar botas de auga, chufasqueiros e o equipamento que sexa necesario. o primeiro cometido será sempre descubrir a orixe que está provocando o sinistro. No caso de sinistro de elevada magnitude, sen previsión inmediata de redución, activarase a evacuación do centro.

3. Cortar o subministro de auga ao depósito ou canalización defectuosa e illalo. Parar os equipos de bombeo que o enchan ou presuricen, e cortarles o subministro enerxético que proceda (eléctrico, vapor, gasóleo, etc.). Darlle unha saída conducida a auga retida se é posible, mediante apertura e posta en servizo doutros equipos.
4. Se se trata de infiltracións de auga de choiva, de redes de sumidoiros ou doutros couces de augas, tapar no posible con barreiras (trapos, sacos, etc.), ou con calquera material que sexa adaptable, a entrada de auga ao recinto que perigue de inundación, e procurar desviar a avenida de auga cara as zonas con capacidade de absorbela. Se non resultasen efectivas as medidas anteriores, colocar bombas somerxibles portátiles (se o centro dispón delas) para evacuar a auga do recinto cara a unha rede de saneamento en bo estado.
5. Tapar con plásticos e selar o mellor posible os equipos eléctricos existentes con risco de inundación ou que estean sufrindo chorreo de auga, e deixalos sen tensión se non houbera parada despois dun bo illamento. Calquera outro equipo ou produto que a auga poida danar ou mermar de características, selalo o mellor que se poida.
6. Se fora posible subir a plantas superiores equipos electrónicos de valor.
7. Secar con trapos as zonas mais críticas.
8. O Xefe da Emerxencia efectuará unha primeira avaliación dos danos causados para seleccionar os puntos de ataque principais, co obxecto de iniciar os traballos de mantemento encamiñados a deixar operativos os equipos afectados e poder restaurar o servizo dos mesmos con garantía de seguridade e regularidade de funcionamento.

No caso de que a inundación proveña dende o exterior das instalacións:

9. O Xefe da Emerxencia, deberá manterse informado pola radio ou outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
10. Retirar do exterior do Centro (patio ou recinto) aqueles obxectos que poidan ser arrastrados pola auga, e que puideran obstruír as portas.
11. Revisar cada certo tempo o estado do tellado, a baixada de auga e os desaugadoiros próximos e sumidoiros (procurando que estean sempre limpos).
12. Colocar a documentación importante e os produtos perigosos nas zonas de menor risco de inundación.
13. Ter preparadas as plantas superiores por se houbera que facer un confinamento.
14. Se chegara a inundarse o Centro: abandonar os sótanos e planta baixa, desconectar a enerxía eléctrica.

ACTUACIÓNS NO CASO DE TEMPORAL DE VENTO E CHOIVA

1. O Xefe da Emerxencias e o Responsable do control das comunicacións, deberán manterse informados pola radio u outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
2. Afastarse de alambradas, verxas, fiestras e outros obxectos metálicos que existan no Centro.
3. Evitar as correntes de aire: pechar portas e fiestras.
4. Protexer os aparatos eléctricos desenchufándoos da rede .
5. Ter preparadas as plantas superiores por si hai que facer un confinamento.
6. No exterior (patio ou recinto) retirarse de muros, canastas, porterías, cornisas e árbores.

ACTUACIÓNS NO CASO DE NEVADA

1. O Xefe da Emerxencia e o Responsable do control das comunicacións, deberán manterse informados pola radio u outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
2. No caso de que sorprenda a nevada no Centro educativo, permanecer no interior do mesmo.
3. Manter portas e fiestras pechadas.

ACTUACIÓNS ANTE UN SINISTRO PRODUCIDO NO EXTERIOR

1. Confirmar a ameaza.
2. Poñerse en contacto con EMERXENCIAS 112 para recibir instrucións se non o fixeron presencialmente os Bombeiros ou a Policía.
3. Se as instrucións van encamiñadas a evacuar o centro de ensinanza prepare os alumnos, visitas e outro persoal do centro para unha evacuación inminente.
4. Se a evacuación es inmediata, traslade o persoal ao PRE e quede a espera de recibir instrucións da Axuda Exterior.
5. Se a evacuación non pode realizarse permanecerá dentro do edificio aplicando as normas de confinamento.

ACTUACIONES ANTE UN SEISMO

► Se atópase no interior dun edificio:

1. Buscar refuxio debaixo dos dinteles das portas ou dalgún moble sólido, como mesas ou escritorios, ou ben, xunto a un pilar ou parede mestra.
2. Manterse afastado de fiestras, vidreiras, vitrinas, tabiques e obxectos que poidan caerse e chegar a golpearlle.
3. Utilizar lanternas para o alumado e evitar o uso de velas, mistos ou calquera tipo de lapa durante o inmediatamente despois do tremor, que poidan provocar unha explosión ou incendio.

► Se atópase no exterior:

1. Buscar espazos abertos e afastarse das fachadas de edificios, redes eléctricas, postes ou árbores.
2. Se houbera algún ferido, contactar co Xefe da Emerxencia, será o encargado do seu traslado a un lugar seguro e de solicitar asistencia sanitaria.
3. No caso de desencadearse un incendio, explosión, accidente de vehículos ou maquinaria ou calquera outra situación de emerxencia, procederáse segundo se detalla nos procedementos específicos desenvolvidos para estes casos, sempre seguindo as instrucións precisas indicadas polo Xefe da Emerxencia.

EMERXENCIA DURANTE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (martes de 16:30-19:00)

Neste horario soamente se desenvolven actividades de biblioteca na escola de Vilarromarís, contando coa presenza de todo o claustro de profesorado e un número variable de alumnos/as das distintas escolas. No caso de que haxa algunha emerxencia, se actuará da seguinte forma:

1. Alertar os compañeiros e ao profesor de garda que fará as funcións de Xefe de Emerxencia.
2. O Xefe de Emerxencias realizará unha primeira valoración e dará instrucións ao respecto.
3. Realizar unha primeira intervención básica en caso de tratarse de pequenos lumes ou derramos.
4. O Xefe de Emerxencias notificase a os medios de axuda exterior a situación de emerxencia.
5. O profesor de garda (Responsable de Evacuación) dará as instrucións necesaria aos monitores para realizar a evacuación de todos os alumnos cara ao punto de reunión.
6. Dirixir a os alumnos cara ao punto de reunión exterior, asegurándose que non quede ninguén dentro.
7. No punto de reunión realizar un recuento de todas as persoas evacuadas. Esperar no exterior das instalacións, e nun lugar seguro, a chegada do Xefe de Emerxencias e dos medios de axuda exteriores para poñelos ao corrente da situación e das accións levadas a cabo.

EVACUACIÓN

A sinal de alarma para a evacuación será a través de viva voz , por calquera dos mestres/as do centro.

1. O orde de evacuación estará preestablecido.
 - 1º. Planta baixa.
 - 2º. Planta primeira e así sucesivamente.
2. As vías de evacuación estarán en todo momento libres de obstáculos.
3. Cada zona ten asignado un orde de desaloxo que deberá ser dende as plantas inferiores cara as superiores, e dende as estancias mais próximas á escaleira ata as mais afastadas preferentemente, e atendendo ben ao fluxo de persoal, de xeito que sexa canalizado proporcionalmente entre o número de escaleiras e saídas de evacuación existentes.
4. Esperar sempre a orde de saída.
5. Verificarase que non queda ninguén en ningunha das aulas, servizos e todas as dependencias da planta. En ambos casos, comprobar que non queda ninguén no recinto; colocar algún obxecto (cadeira, papeleira, etc.) diante da porta. Non pechar con chave.
6. Atender sempre ás indicacións do profesor.
7. Todos os alumnos e alumnas deben estar preparados na aula para saír de xeito ordeado.
8. Non rezagarse a recoller obxectos persoais.
9. Nunca deberá volver atrás.
10. Non se tomarán iniciativas persoais.
11. Baixarase en orde, ao lado da parede e, de contado pero sen correr nin atropelarse, e sen berrar. Permanecendo en todo momento xunto ao grupo.
12. Conservar a calma. Camiñar, sen correr, cara a saída de emerxencia mais próxima que se atope operativa.
13. Non empuxar os demais, xa que a situación de emerxencia acaba de iniciar e dispense de tempo dabondo para o seu control.
14. Non utilizar o ascensor para evacuar.
15. Se na saída de emerxencia hai unha fía de persoas en espera, non se impaciente e agarde a súa quenda civicamente.
16. Dirixirse sempre ao punto de reunión, permanecer no mesmo xunto ao responsable do grupo.
17. Unha vez no exterior, non deterse, dirixirse os Puntos de Reunión Exterior establecidos.
18. No P.R.E. realizarase o recento das persoas que teñen o seu cargo cada membro do EAE, dando conta inmediata ao Xefe da Emerxencia e, no seu caso as axudas exteriores, das posibles faltas que se detecten, para poder obrar en consecuencia.
19. En horario de actividade do centro, manteranse abertas todas as saídas de emerxencia (non pechadas con chave).
20. Apague todos os equipos eléctricos antes de iniciar a evacuación.
21. Peche válvulas de corte de combustibles si as houbera.
22. No caso de incendio, pechar portas e fiestras.
23. No caso de ameaza de bomba, abrir portas e fiestras.

24. Non retroceder en busca doutras persoas, xa que entorpecería a evacuación do resto.
25. Para evacuar a persoas que non poidan desprazarse por si mesmos (discapacitados ou persoas en estado inconsciencia) realizarase de tres xeitos diferentes, en función da dispoñibilidade de tempo:
 - Cos seus propios medios (cadeira de rodas, muletas, etc.): Axudado por dúas persoas. É o método mais rápido e o de menos esforzo.
 - Erguéndoo: Transportar ao discapacitado a cabalo ou mediante a “cadeira da raíña”.
 - Arrastrándoo polo chan: Trasladar ao discapacitado mediante o emprego de prendas de roupa, cortinas, etc. Este método es o recomendado cando hai gran cantidade de fume. Require mais esforzo físico e un previo adestramento do persoal executante.
26. Con moito fume, camiñar endegado ou reptando e cubrirse o nariz e boca cun trapo húmido, se o tivese. nesta situación respirará aire fresco e osixenado.
27. Nas escaleiras ter especial tino. Baixar con presteza, pero sen correr, evacuando polo exterior da mesma. Collerse ao pasamáns e/ou varanda para no esvarar e facer caer os demais ou que estes o pisen.
28. No caso de estar accedendo os servizos exteriores polas escaleiras, circular polo exterior da mesma para non entorpecer o paso.
29. Se prende a roupa con lume, tirarse ao chan e rodar. No correr, activarase mais o lume.
30. O persoal evacuado non obstaculizará os accesos e viais destinados para os vehículos de axuda exterior.
31. Terase especial precaución durante a estancia no PRE.

Instrucións orientativas para os alumnos.

1. Cada grupo de alumnos deberá actuar sempre de acordo coas indicacións do seu profesor e en ningún caso deberá seguir iniciativas propias.
2. Os alumnos ós que se lles encomendara por parte do seu profesor funcións concretas, responsabilizaranse de cumprilas e de colaborar co profesor en manter o orde do grupo.
3. Os alumnos non recollerán os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.
4. Os alumnos que ao sonar a sinal de alarma se atopasen nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse con toda presteza ao seu grupo.
5. No caso de que o alumno se atopase nunha planta distinta a da súa aula, incorporarse ao grupo mais próximo que se atope en movemento de saída.
6. Todos os movementos deberán realizarse axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
7. Ningún alumno deberá deterse xunto as portas de saída.
8. Todos os alumnos e alumnas deben estar preparados na aula para saír de xeito orde
9. Os alumnos deberán realizar a evacuación en silencio e con xeito, con orde e axuda mutua, para evitar atropelos e lesións, axudando os que teñan dificultades ou sufran caídas.


10. Os alumnos deberán realizar a evacuación respectando o mobiliario e equipamento docente e utilizando as portas co xeito de xiro para o que están previstas.
11. No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que durante o exercicio dificulte a saída, será apartado polos alumnos, se fora posible, de xeito que no provoque caídas sobre as persoas ou deterioro do obxecto.
12. En ningún caso o alumno deberá volver atrás co pretexto de buscar a irmáns menores, amigos u obxectos persoais, etc.
13. En todo caso os grupos permanecerán sempre xuntos sen disgregarse nin adiantar a outros, incluso cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facer mais doada o profesor o control dos alumnos.
14. Unha vez que se atopen no punto de reunión exterior, deberanse agrupar por clases e colocaranse en fila, detrás do seu profesor, de modo que sexa mais doado o reconto de persoal

CONFINAMENTO

As situacións de emerxencia son imprevisibles e os acontecementos que se suceden non poden obrigar a un confinamento forzoso ou ben voluntario. Existen ocasións nas que evacuar pode ser mais perigoso que permanecer confinado esperando que os Servizos Exteriores rescaten as persoas atrapadas ou esperando que conclúa unha emerxencia declarada no exterior. As accións a realizar en estas situacións son as seguintes:

1. A sinal de alarma será distinta da utilizada para a evacuación.
2. Entrar ao Centro se está fora.
3. Pechar ben portas e fiestras.
4. En incendio, se é necesario, colocar trapos húmidos nas fendas e baixo as portas.
5. Se o lume impídelle saír dunha dependencia, peche a porta, tapone as xuntas e procure chamar a atención para informar da súa situación.
6. Pechar chaves de combustible e apagar equipos de aire acondicionado.
7. Manter contacto cos Servizos Exteriores mediante telefonía, esperando as súas instrucións.
8. Se non é posible contactar por esta vía, enviar mensaxes curtos ("sms"), esperando instrucións.
9. Como último recurso, escoitar a radio e seguir as ordes e consellos que reciba.
10. Confinarse nas aulas o mais afastado das fiestras, ou nos espazos previamente establecidos (os mais resgardados do exterior e se pode ser que no teñan fiestras).
11. Se hai que trasladarse a outra zona do Centro, o alumnado poñeráse en fila india e o profesorado fará de guía, tal e como faise na evacuación.
12. Non abandonar o centro de ensinanza.
13. Non acudir á zona afectada polo sinistro.
14. Non acender ningún aparato de gas, non fumar nin acender ningún tipo de lapa.
15. Non colapsar as liñas telefónicas realizando continuas chamadas.
16. Agardar que nos rescaten ou que remate a situación de emerxencia.

PRIMEIRAS AXUDAS NO CASO DE FERIDOS



► Atencións mínimas

1. Lembrar que se persiste o risco (lume, rotura dunha canalización de auga, fuga de gas, desprendementos, condutores de tensión eléctrica, etc.) é necesario tomar as medidas oportunas para evitar mais vítimas. Ante un perigo inminente, situar o ferido en posición e lugar seguro seguir o procedemento PAS (Protexer, Avisar e Socorrer); as seguintes fases realizaranse de maneira simultánea ao aviso dos Servizos de Atención Sanitaria profesionais.
2. Examinar ben o accidentado, valorar estado de consciencia (responde), respiración (oír, ver e sentir), circulación (pulso), hemorraxias (observar). Se esta avaliación primaria resulta positiva, valorar feridas, queimaduras ou fracturas.
3. Se está inconsciente e non respira espontaneamente, hai que afrouxar ou desabrochar calquera prenda u obxecto que poida oprimir, colocalo deitado boca arriba coa cabeza inclinada cara atrás (sempre con control da zona cervical). Asegurarnos de que non hai ningún obxecto obstruíndo as vías respiratorias (se fora así, sacalo co dedo en forma de gancho). Se a pesar de iso non respira, insuflar aire nos seus pulmóns soprando fortemente na súa boca, taponándolle o nariz, cando a respiración concluíra, realizar a seguinte insuflación.

4. Se esta inconsciente e estamos seguros de que non é traumático, colocalo en posición lateral de seguridade, vixiando as constantes vitais.
5. No caso de que este inconsciente e non se aprecie respiración nin pulso (na arteria carótide), será preciso realizar a reanimación cardiopulmonar básica. Localizado o punto de compresión (a dous anchos de dedo enriba da “boca do estómago”), colocar o talón da man, coa outra sobre ela, sen apoiar os dedos sobre o tórax da vítima e empuxar uns 4-5 cm o esternón cara abaixo de maneira progresiva, sen golpear. A compresión debe manterse $\frac{1}{2}$ segundo e logo soltar axiña e esperar outro $\frac{1}{2}$ segundo antes da seguinte compresión. Asegurarnos de que a vía aérea este despegada, colocar o pescozo en hiperextensión. Alternar 30 compresións con 2 insuflacións.
6. No caso de hemorraxia, co ferido tendido, faise compresión local no punto que sangra (cos dedos ou a man). Se a hemorraxia cesa, colocaremos unha vendaxe compresiva. Se non se detén, facer compresión a distancia nos seguintes puntos: no pescozo: carótida; no ombro: retroclavicular; no brazo: arteria umeral (cara interna do brazo); no muslo: arteria femoral (ingua); na perna: arteria poplítea. Esmagar sempre a arteria ou vea contra o óso o mais preto posible da ferida. Non afrouxar nunca o punto de compresión. Manter o ferido deitado horizontalmente. O torniquete só se utilizará: cando se atope só e deba atender a outros accidentados de extrema gravidade ou no caso de membros seccionados ou esmagados. Colocase enriba do codo ou enriba da xeonllo, entre o corazón e a ferida. Unha vez colocado non se debe afrouxar nunca. Debe permanecer a vista, colocándolle un rótulo indicando nome, hora e minuto de colocación.
7. En presenza dunha persoa coa roupa ardendo, se non se dispón de auga, cobertor ou extintores, esta debe deitarse e dar voltas sobre o seu eixo. Ante unha queimadura aplicar auga fría xenerosamente sobre a zona afectada, separar a roupa da ferida sempre que non estea pegada a pel, cubrir con gasa esterilizada. Se esta consciente e non vomita, pódese dar de beber auga en pequenos sorbos.
8. Fracturas: raramente son un perigo inmediato para a vida. En xeral para valorar a deformidade dunha extremidade, debido a unha fractura ou luxación comparara sempre coa do outro lado e aplicar a inmovilización axeitada. Normalmente, intentar corrixir a deformidade causa maiores lesións. Especial atención a posibles fracturas de columna vertebral, un mal movemento pode seccionar a medula e causar parálise ou tetraplexía.

► Transporte dos feridos

1. Consigna xeral: un membro roto arranxase, unha vida non, non obstante para trasladar posibles feridos, calquera sistema é perigoso se non se toman as debidas precaucións. Especialmente no caso de fractura de columna vertebral; un mal movemento pode seccionar a medula e causar parálise ou tetraplexía. Sempre o traslado debe efectuarse sen esforzo para o accidentado. Ante dúbida ou dificultade, e se a zona onde esta o ferido ou a posible demora non implica maior risco para o accidentado, é mellor que o traslado o realice persoal experto.
2. Transporte por levantamento: o mellor en camilla. Precisa normalmente dous ou mais persoas. Método válido para evacuación horizontal e vertical.
3. Transporte por arrastre: último extremo, colocar o ferido sobre unha cobertor ou chaqueta, tirar deste elemento. Pódeo realizar unha única persoa. Non aplicable en evacuación por escaleiras.

IMPORTANTE
**Acompañar o ferido ata deixalo en máns do
persoal sanitario**

PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS

CARACTERÍSTICAS

Os simulacros de emerxencia a realizar nos edificios terán as seguintes características:

- ✓ Partir dunha situación de emerxencia predeterminada.
- ✓ Comprobar a funcionalidade do Plan de Autoprotección completo ou parte do mesmo.
- ✓ Comprobar o grao de formación e capacitación do persoal do edificio.
- ✓ Comprobar o grao de mantemento das instalacións.
- ✓ Comprobar tempos de resposta.
- ✓ Concienciar ós profesores e alumnos en temas relacionados con emerxencias e evacuacións.

A efectos de verificar que a implantación do Plan de Autoprotección quedou finalmente garantida elaborárase un informe onde se incluírán as deficiencias detectadas e a proposta de melloras.

Levarase a cabo unha vez ao ano, como mínimo, planificándose axeitadamente (momento idóneo para realizarse).

ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS SIMULACROS

Deberase establecer a periodicidade dos exercicios, co obxecto de que se obteñan vivencias e experiencias en toda clase de horario, presenza de persoal e circunstancias especiais que poidan rodear unha emerxencia.

En función dos resultados obtidos, aumentar ou diminuír o grao de información que se aporta ó persoal afectado, ata chegar a un punto no cal sexa posible realizar os simulacros sen previo aviso, de xeito que as actuacións a levar a cabo para o control da emerxencia se desenvolvan case de maneira automática. (Por exemplo, o primeiro ano informarase do día e a hora do exercicio, o segundo ano só se informa do mes, o terceiro ano o semestre e finalmente o cuarto ano e sucesivos débese assimilar que haberá un simulacro no transcurso do ano).

Os simulacros partirán dunha suposta situación de emerxencia predeterminada e se desenvolverán de tal xeito que permitan:

- ✓ Comprobar a mecánica interna e funcional do plan ou dunha parte concreta do mesmo.
- ✓ Comprobar o grao de capacitación e formación do persoal.
- ✓ Comprobar o grao de mantemento das instalacións técnica e a súa resposta.
- ✓ Comprobar os tempos de resposta dos equipos de emerxencia e medios de protección.